


Sept

A REGRA DE SAN BIEITO



Portada:

San Bieito e o mozo que agachara unha cantara de viño.

- Miniatura dos "Milagres de San Bieito", de Jean de Stavelot.

EDITA: SEPT, S.A. Rosaleda, 3 - Santiago PEDIDOS A: Apartado 888 - VIGO

IMPRIME: GRAFICAS ULTREYA, S.A. - M. de Valladares, 29-31 - VIGO Dep. Legal:

VG. 8-1982 I.S.B.N. 84-7337-026-0

Tradución e breve introdución
polo
P. MARTIN M.^a DIAZ, M.B.

A REGRA DE SAN BIEITO



AS EDICIONS DO ADRO
SOCIEDADE DE ESTUDOS, PUBLICACIONS E TRABALLOS
S.E.P.T.

En tempos de crisis e de esperanza, como homenaxe a San Bieito “Pai de Europa”, publícase por vez primeira na lingua galega a “Regra” que foi emente fecunda da importante obra evanxelizadora e civilizadora dos beneditinos no noso continente.

OS EDITORES

INTRODUCCIÓN

Houbo que esperar quince séculos para que este gran tesouro da espiritualidade e da cultura, chamado Regra de San Bieito, vise a luz do día vertido á lingua galega. Desde logo explícase: ¿Qué galego hai que non entenda a fala oficial da nación española, o castelán? Dahí esa inercia ben pouco plausible referente ás traducións ao galego de libros que xa temos moi ben editados na fala de Cervantes. Esta é a razón de que a Regra beneditina, chamada santa, non atopase un tradutor desde hai tantos séculos.

Mas todo chega na vida, e o tempo nunca tivo presas. Por fin, tamén a nosa Galicia vai ter unha edición propia dun código por tantos motivos famoso, que rexeu e sigue rexendo a vida dos monxes de Occidente. Non se trata, certamente, dun traballo de envergadura, senón dunha simple tradución ao galego do texto orixinal da Obra do Padroeiro de Europa, coa esperanza de que, a non tardar moito, alguén, con outros coñecimentos mais elevados neste terreo, prepare unha obra digna a tódolos niveis. O que agora o lector ten á vista non pasa, como digo, dun comenzo, ben humilde por certo, para que a xuventude do noso pobo vaia saboreando o contido desta pérola escondida. Os que se queiran documentar abondo acerca da obra mestra do Pai de Europa, teñen á sua disposición a última edición española (cf. BAC, Madrid 1979), preparada polos eruditos na materia, P. García M. Colombás, beneditino, e P. Iñaki Aranguren, cisterciense, monxes ambos de Sobrado dos Monxes. Ahí atopará o lector canto dese- xe saber referente a este venerable documento que nos ocupa, tan antigo e sempre novo, que endexamais se lé sin proveito espiritual.

Galicia é terra de monxes, como ben o din os moitos mosteiros sementados eiquí e aló, ao longo e ancho das catro provincias galegas, a maior parte deles, por desgracia, en ruínas, e os poucos que aínda quedan están pouco poboados, debido, sin dúbida, á crise que trouxo consigo a desacralización dos tempos modernos. Cáseque sin darnos conta, iámonos quedando sin eses homes ilustres e santos, que tanto ben nos fixeron, sempre ocultos e silandeiros, coma abellas no interior das

colmeas, fabricando sin parar o mel da santidad e a cera con que nos alumar o camiño da vida eterna.

Consola este novo rexurdir que xa asoma polos outeiros desde fai algún tempo, e así vemos como Samos, coa sua filial de San Vicente do Pino, e os mosteiros cistercienses de Sobrado dos Monxes e de Oseira, vanse enchendo de mozos ansiosos de santidad, de vida retirada e silandeira, sempre á escoita da voz do Espírito. Eles serán, sin dúbida, ún dos grandes sustentamentos dunha fe sempre viva na terra deses celtas, convertidos ao cristianismo polo señor Santiago, o segundo dos tres predilectos de Xesús.

E agora quero decir tamén, como nun apéndice, antes de rematar esta breve introdución, que quen esto escribe é galego, fillo dun pai que foi enterrado con hábito beneditino, coma oblato profeso da dita Orde. Somos na familia tres monxes e duas monxas, loubado sexa Deus, todos irmáns de carne e de hábito. Sentímonos moi felices nas fileiras do monacato e, desde o noso retiro, pedimos ao Señor que siga chamando e traendo novas vocacións, preferentemente desta nosa terra, até que se enchan tódolos mosteiros xa habitados, sexan restaurados os que aínda están en ruínas, ou se funden outros novos, incluídas riboiras sacras e ermidas para os que acaso quixeren unha total soedade con Deus. Saiba todo o mundo que non hai vida coma a que decorre na oración e no traballo. Que o saiban, sobre todo, os mozos e mozas das universidades, tan cheos de grandes valores e inquiredanzas, e moitos deles en busca de orientación. Que o saiban tódolos xóvenes en xeral.

De nada sirve chorar sobre muros ruinosos ou meditar con tristura á vista de vellos legaxos que nos recordan tempos mellores que xa non van volver. Somos nós os que, atentos ás mocións do Espírito de Xesús, temos que labrar unha nova historia monástica á luz dos que nos precederon no pasado co facho da fe aceso.

Queira Deus, polos rogos da sua Nai Santísima, que esta primeira tradución da Regra de Monxes e Monxas á fala de Rosalía, marque un gran rexurdir monástico nunha terra tan regada polos sudores de San Martiño de Dumio e doutros moitos santos e santas.

PRÓLOGO

¹ Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, e inclina o ouvido do teu corazón, e acolle gustante e practica os consellos dun pai amoroso, ²para que, polo traballo da obediencia, volvas a Deus, de quen te tiñas afastado pola preguiza da desobediencia. ³A ti, pois, se dirixen agora as miñas palabras, quenqueira que sexas, que, renunciando aos teus antoxos, apuñas as fortísimas e escrarecidas armas da obediencia para militar ao servizo do verdadeiro rei, Cristo Señor.

⁴Pídelle, en primeiro lugar, con fervente oración, que perfeccione calquera obra boa que empeces, ⁵ a fin de que, téndose dignado xa contamos no número dos seus fillos, non teña que porse triste polas nosas malas accións. ⁶ Pois de tal maneira debemos poñer en todo tempo ao seu servizo os bens que en nós depositou, que non só non desherde endexamais, como pai alitado, aos seus fillos, ⁷senón que nin, como señor temible, alporizado polas nosas maldades, entregue á pena perpetua, como a servos perversos, aos que non o quixeron seguir á gloria.

⁸ Ergámonos, polo tanto, dunha vez, espelidos pola Escritura, que di: “Xa vai sendo hora de espertar do noso sono” (Rm 13,11). ⁸ ⁹E, abrindo os ollos á luz deífica, escoitemos atónitos o que cada día nos advirte a voz divina cando clama: ¹⁰“Se hoxe ouvides a súa voz, non endurezades os vosos corazóns” (Sal 94,8). ¹¹E tamén: “Quen teña ouvidos, que escoite o que ás Igrexas di o Espírito Santo” (Ap 2,7). ¹²¿E qué lles dí?: “Vin- de, fillos, escoitádeme; ensinareivos o temor do Señor” (Sal 33,12). ¹³“Correde encanto tedes a luz desta vida, non vos vaian atallar as tebras da morte” (Jn 12,35).

¹⁴ E o Señor, ao buscar ao seu operario na moitedume do pobo, a quen dirixe estas palabras, volve decir: ¹⁵ “ ¿Quén é o que quer vivir e desexa días felices?” (Sal 33,13). ¹⁶ E se ti, ao ouvilo, responderes: “Eu”, diche o Señor: ¹⁷ Se queres alcanzar a verdadeira e perpetua vida, “garda a tua lingua do mal e non profiran os teus labios palabras enganosas; fuxe do mal e practica o ben; busca a paz e síguela” (Sal 33,14 s.). ¹⁸ E cando esto fixerdes, entón fixarei en vós os meus ollos, e os meus ouvidos escoitarán as vosas plegarias, e antes de que por min chamedes, direivos: “Xa estou

eiquí” (Sal 33,16; Is 58,9 y 65,24). ¹⁹¿Pode haber, irmáns carísimos, nada mais doce para nós que esta voz do Señor que nos invita? ²⁰Vede cómo o Señor, na sua bondade, nos móstra o camiño da vida. ²¹Cinguidos, pois, os nosos lombos coa fe e a observancia das boas obras, sigamos os seus camiños, guiados polo Evanxelio, a fin de merecermos contemplar no seu reino a Aquel que nos chamou.

²² Se queremos habitar no tabernáculo deste reino, saibamos con certeza que de ningún outro xeito chegaremos alá, se non é correndo mediante as boas obras. ²³Mas, preguntémoslle co profeta ao Señor, decíndolle: “Señor, ¿quén pode hospedarse na tua casa e repousar no teu monte santo?” (Sal 14,1).²⁴Escoitemos, irmáns, o que nos responde o Señor a esta pregunta, e cómo nos mostra o camiño da sua mansión, decíndonos:²⁵“O que camiña sin pecado e practica a xusticia;²⁶o que fala con sinceridade de corazón e non engana coa sua lingua: ²⁷ o que non fai mal ao seu próximo nin escoita as infamias contra o seu semellante” (Sal 14,3). ²⁸ O que rexeita do seu corazón o espírito maligno e “o reduce á nada”, e esnaquiza en Cristo as suas primeiras suxerencias (Sal 44,4; Sal 136,9, etc.); ²⁹os que “temen ao Señor” e non se enchen de fachenda pola sua boa observancia, antes, coidando que o ben que realizan non é cousa sua, senón do Señor (Sal 14,4),³⁰que obra neles. lóuvano e din co profeta: “Non a nos, Señor, non a nós, senón ao teu nome dá a gloria” (cf. Sal 14,4; Flp 2,13; Sal 113^b, 1). ³¹ Tampouco o Apóstolo Paulo se apoñía a sí mesmo nada da sua prédica, cando decía: “Pola gracia de Deus son o que son” (1 Cor 15,10),³²e noutra parte volve decir: “O que se gloria, glóriese no Señor” (2 Cor 10,17). ³³ Tamén o Señor di no seu Evanxelio: “O que escoita estas palabras miñas e as practica aseméllase ao varón asisado, que levantou a sua casa sobre roca;³⁴viñeron as riadas, soplaron os ventos e embestiron contra aquela casa, pero non se derrumbou, porque estaba fundada sobre pedra” (Mt 7,24 s.; cf. Sal 14,5). ³⁵Dito esto, agarda o Señor que respondamos cada día coas obras aos seus santos avisos. ³⁶En efecto, se se nos prolongan os días desta vida, algo así como unha tregua, é para darnos tempo a enmendamos dos nosos pecados, ³⁷como di o Apóstolo: “¿Acaso ignoras que a paciencia de Deus te invita á penitencia?” (Rm 2,4).

³⁸En efecto, o amoroso Señor di: “Non quero a morte do peccador, senón que se convirta e viva” (Ez 33,11).

³⁹ Despois de lle termos preguntado ao Señor, irmáns, quen é o que habitará na súa morada, ou- vimos as condicións para entrar nela: cumprir as obrigas de todo morador dunha casa. ⁴⁰Cómprenos, pois, dispor os nosos corazóns e os nosos corpos para militar baixo da santa obediencia aos seus preceptos. ⁴¹Mas, como esto non é posible á nosa natureza por sí mesma, roguémoslle ao Señor se digne asistimos coa súa gracia. ⁴² E se queremos fuxir das penas do inferno e chegar á vida eterna, ⁴³ mentras estamos a tempo e vivimos neste corpo, e podemos cumprir á luz desta vida todas estas cousas, ⁴⁴ cómprenos bulir e practicar o que na eternidade nos será de proveito.

⁴⁵ Imos, pois, constituir unha escola do divino servicio. ⁴⁶Nesta institución coidamos non ter que establecer nada ríspido ou grave; ⁴⁷ mas, se por esixilo así unha razón xusta e para enmenda dos vicios ou mantemento da caridade, conviñese atar algo mais corto, ⁴⁸non por eso refuxas o camiño da santidad, cuxo principio é sempre moi estreito. ⁴⁹A medida, porén, que se vai avanzando na vida monástica e na fe, co corazón dilatado, córrese con inenarrable dozura de caridade pola senda dos mandamentos de Deus, de xeito que, non se alonxando endexamais do seu maxisterio e perseverando na súa doutrina até a morte, dentro do mosteiro, participemos con paciencia nos sufrimentos de Cristo, para que merezamos tamén acompañalo no seu reino. Amén.

I. XÉNEROS DE MONXES

¹ E cousa de todos ben sabida que hai catro xéneros de monxes. ² O primeiro é o dos cenobitas, isto é, dos que viven ním mosteiro e prestan o seu servicio baixo unha regra e un abade.

³ O segundo xénero é o dos anacoretas ou, dito doutra maneira, o dos eremitas. Son aqueles que non por un fervor novicio na vida monástica, senón despois dunha

longa proba no mosteiro, ⁴ aprenderon a loitar contra o maligno, axudados pola presenza de moitos, ⁵ e, ben adoctrinados nas fileiras dos seus irmáns para a loita sin par do eremo, seguros xa e capaces sin o socorro alleo, con só o seu brazo, e sempre coa axuda de Deus, bástanse a sí mesmos para combater contra os vicios da carne e dos pensamentos.

⁶ O terceiro e sumamente detestable xénero de monxes é o dos sarabaítas. Son os que, sin seren probados como o ouro no cruxol polo maxisterio de regra algunha, senón que, amolecidos como o chumbo, ⁷man- téndose aínda fieles ao século coas suas obras, van ás craras mentindo a Deus coa tonsura. ⁸De dous en dous ou de tres en tres, ou incluso sós, sen pastor, non nos redís do Señor, senón nos seus propios, teñen por lei o que lles praxe, ⁹de forma que chaman santo ao que eles pensan ou elixen, e ilícito ao que non lles convén.

¹⁰ O cuarto xénero de monxes é o dos xiróvagos, que pasan toda a súa vida por diversas rexións, hospedándose tres ou catro días en cada mosteiro, ¹¹sempre vagos, xamais quedos, ao servicio das suas apetencias e dos praceres da gula, e en todo moito peores cos sarabaítas. ¹² Da miserenta vida destes tais mellor é calar que falar. ¹³Prescindindo, pois, de todos éstos, imos, co auxilio do Señor, regramentar a mais forte de tódalas especies de monxes, que é a dos cenobitas.

II. CÓMO DEBE SER O ABADE

¹O abade que é digno de rexer un mosteiro débese lembrar sempre do título que se lle da e cumprir con obras o que supón o nome de superior. ²En efecto, crese que fai as veces de Cristo no mosteiro, por canto se lle da o mesmo nome, ³de acordo co que di o Apóstolo: "Recebistes o Espírito de adopción de fillos, que nos permite clamar: Abbá! Pai" (Rom 8,15). ⁴Polo tanto, nada debe ensinar o abade, establecer ou mandar que se afaste dos preceptos do Señor, ⁵senón que as suas ordes e doutrina deben derramarse nas almas dos seus discípulos coma fermento da divina

xusticia. ⁶ Lémbrese sempre o abade de que se lle fará rigoroso exame no tremendo xucio de Deus, tanto da súa doutrina como da obediencia dos discípulos. ⁷ Saiba tamén que será ao pastor a quen se lle imputará o que de menos atopare o pai de familia nas ovellas. ⁸ Pode tamén darse o caso de que, despois de facer tódolos posibles en favor do turbulento e indócil rebaño, e de ter dispensado tódolos coidados en curar as súas enfermidades, ⁹absolvido no tribunal de Deus, poida o pastor decir ao Señor co profeta: “Non escondín no meu corazón a tua xusticia; manifestei a tua verdade e a tua salvación. Mas eles non me fixeron caso e ríronse de min; ¹⁰e entón as ovellas rebeldes aos seus coidados terán por castigo a morte, que lles virá enriba.

¹¹Polo tanto, cando alguén recibe o título de abade, debe ensinar aos seus discípulos de dúas maneiras;¹²esto é, mostre tódalas cousas boas e santas mais con obras que con verbas; de xeito que aos discípulos capaces lles propoña os mandamentos do Señor de palabra, e aos duros de corazón e sinxelos lles mostre os preceptos divinos co exemplo. ¹³ E todo canto ensine aos discípulos como nocivo, demostre coas súas obras que non se debe facer, non suceda que, predicando aos outros, sexa el o culpado, ¹⁴e lle diga Deus algún día, por culpa dos seus pecados: “¿Cómo é que anuncias as miñas xusticias e tes sempre na boca os meus preceptos, ti que odias a miña lei e votas ás costas os meus mandamentos”? (Sal 49,16 s.) ¹⁵E tamén: “Ti que ves o argueiro no ollo do teu irmán, non ves a trabe no teu” (Mt 7,3).

¹⁶Non faga no mosteiro discriminación de persoas. ¹⁷Non ame a un mais ca outro, de non ser ao que atopare mais aventaxado nas boas obras e na obediencia. ¹⁸ Sin causa razoable, non sexa perferido o que sempre foi libre ao escravo. ¹⁹ Se hai causa xusta, e así o ve o abade, dé as preferencias ao que sexa, sin ter en conta a dignidade da persoa. Fora destes casos, sigan nos seus postos, ²⁰ pois todos, escravos ou ceibos, somos ún en Cristo e militamos baixo dun mesmo xugo, ás ordes dun só Señor, xa que para Deus “non hai acepción de persoas” (Ef 6,8). ²¹Somentes nos preferirá aos outros, se nos ve mais humildes e mellores nas boas obras. ²² Polo tanto, teña o abade igual caridade con todos e haxa para todos a mesma disciplina, tendo en conta os méritos de cada ún.

²³ Na súa maneira de ensinar debe seguir sempre o abade a norma do Apóstolo cando di: “Reprende, roga, amoesta” (2 Tim 4,2), ²⁴esto é, acomodándose ás diversas circunstancias, misture as amoestacións cos agarimos, e mostre ora a severidade de mestre ora a temura de pai; ²⁵esto é, aos indisciplinados e turbulentos débeos reprender con mais severidade, mentras que aos obedientes, mansos e pacientes débeos exhortar a adiantar cada vez mais no camiño do ben. Aos que manifestaren, porén, voluntaria neglixencia, advertímolo que os reprenda e castigue.

²⁶ E non disimule os pecados dos delincuentes; mas, apenas comencen a aparecer, faga todo o posible por os extirpar de raíz, lémbbrandose da desgracia de Helí, sacerdote de Silo. ²⁷Aos espíritos delicados e capaces de comprender, repréndaos unha ou dúas veces con amoestacións; ²⁸aos malos, porén, e obstinados, aos soberbios e desobedientes, reprímaos, logo que comencen a obrar mal, con fustrigadas e outros castigos corporais, lembrándose do que está escrito: “O insensato nonse corrixe con palabras” (Prov 29,19), ²⁹ e aínda: “Castiga ao teu fillo coa vara e librarás a súa alma da morte”(ibid. 23,14).

³⁰Debe sempre o abade lembrarse do que é, lembrarse do nome que ten, e non esqueza que a quen mais se lle confiou mais se lle esixe. ³¹ Considere qué difícil e arduo cargo tomou sobre sí, cal é o de dirixir almas e ter de se acomodar a unha multiplicidade de caracteres diversos. A éste con afagos, a aquel con reprensións, a estoutro con persuasións; ³² e conforme á maneira de ser de cada ún e o degrau da súa intelixencia, de tal modo se ha de conformar e adaptar, que non só non mingüe o rebaño que se lle confiou, senón que tamén se poida alegrar co aumento da boa grei. ³³Por enriba de todo, non descoide ou teña en pouco a salvación das almas que lle están confiadas, a causa da demasiada solicitude das cousas transitorias, terreas e caducas. ³⁴Pense sempre que recibiu almas para rexer e delas ten de dar contas. ³⁵ E a fin de que non alegue coma pretexto a pobreza do mosteiro, lémbrese do que está escrito: “Buscade primeiro o reino de Deus e a súa xusticia, e o demais darásevos por engádega” (Mt 6,33). ³⁶E noutra parte: “Nada lles falta aos que o temen” (Sal 33,10).

³⁷ Saiba asimesmo que quen recibiu o cargo de rexer almas, debe prepararse para dar conta delas. ³⁸ E, calquera que sexa o número de irmáns baixo os seus coidados, teña por certo que de todas esas almas ten de dar contas ao Señor no día do xuicio, incluída, sin dúbida, a súa propia alma. ³⁹ Desta maneira, temeroso sempre do futuro exame que acerca das ovellas que lle foron confiadas se lle fará ao pastor, a preocupación das contas que ten de dar dos outros, farao mais coidadoso das súas propias; ⁴⁰e mentras coas súas amoestacións procura a enmenda dos outros, el mesmo se corrixe dos seus defectos.

III. CÓMO CONVOCAR AOS IRMÁNS A CONSELLO

¹ Sempre que no mosteiro haxa que resolver algún asunto importante, convoque o abade a toda a comunidade e digalle de qué se trata, ² e, despois de ouvir o consello dos irmáns, péñese para sí e faga o que xulgue mais útil. ³De intento dixemos que todos sexan chamados a consello, porque moitas veces revela o Señor ao mais novo o que é mellor.

⁴Os irmáns, porén, den o seu parecer con grande humildade e sumisión e non se atrevan a defender tenazmente a súa maneira de ver, ⁵ sabendo que é o abade o que decide, e que teñen que obedecer e seguir o que el xulgue mais saudable. ⁶Noustante, así como corresponde aos discípulos obedecer ao mestre, así convén que éste dispoña todo con prudencia e xusticia.

⁷Sigan todos, polo tanto, en todo a regra como mestra e ninguén se desvíe dela temerariamente. ⁸Ninguén siga no mosteiro os impulsos do seu propio corazón, ⁹nen presuma disputar co seu abade dunha maneira insolente ou estando fora do mosteiro. ¹⁰ Se alguén o fai, sexa sometido á disciplina regular. ¹¹O abade, pola súa parte, fágao todo con temor de Deus e observancia da regra, seguro de que dará contas a Deus, xustísimo xuez, de todas as súas determinacións.

¹² Se houberse que tratar algún asunto menos importante para o mosteiro, aconséllese o abade somentes cos mais vellos, conforme está escrito: "Faino todo

con consello, e despois de feito non terás de te arrepentir” (Prov 31,3).

IV. CÁLES SON OS INSTRUMENTOS DAS BOAS OBRAS

¹⁰ primeiro de todo, “amar ao Señor con todo o corazón, con toda a alma e con tódalas forzas” (Mc 12,30; Lc 10,27; Dt 6,5), ²despois “ao próximo como a sí mesmo” (Mc 12,31; Lc 10,28). ³E non matar. ⁴ Non cometer adulterio. ⁵Non roubar. ⁶Non cobizar. ⁷Non decir falso testemuño. ⁸Honrar a tódolos homes ⁹ e “non facer a outro o que non quer para sí mesmo” (Mt 7,12; Tob 4,16).

¹⁰Negarse a sí mesmo por seguir a Cristo. ¹¹Castigar o corpo. ¹²Non darse a deleites, ¹³amar o xexún. ¹⁴Aliviar aos pobres. ¹⁵Vestir aos espidos, ¹⁶visitar aos enfermos, ¹⁷sepultar aos mortos, ¹⁸ axudar aos atribulados, ¹⁹ consolar aos aflixidos.

²⁰Facerse alleo ás maneiras propias do século, ²¹ nada antepor ao amor de Cristo. ²² Non satisfacer os impulsos da ira, ²³non reter asaño no corazón, ²⁴nin dobrez ningunha. ²⁵ Non dar paz finxida, ²⁶ non abandonar a caridade. ²⁷ Non xurar, para non se espoñer a perxurar; ²⁸decir verdade de corazón e de boca.

²⁹ Non volver mal por mal, ³⁰ non facer inxuria, antes levar con paciencia as que lle fagan. ³¹Amar aos enemigos, ³²non maldecir aos que o maldicen, antes bendecilos; ³³ sufrir persecución por amor da xusticia.

³⁴Non ser soberbio, ³⁵nin dado ao viño, ³⁶nin larpeiro, ³⁷nin dormiñento, ³⁸nin preguiceiro, ³⁹nin murmurador, ⁴⁰nin detractor.

⁴¹ Poñer toda a súa esperanza en Deus. ⁴²Atribuir a Deus e non a sí todo o ben que en sí vexa; ⁴³o mal, polo contrario, saiba que é cousa propia e que procede de sí mesmo.

⁴⁴Temer o día do xuicio, ⁴⁵ter pavura ao infemo, ⁴⁶ desexar a vida eterna con toda a ansia espiritual, ⁴⁷ter presente tódolos días a morte diante dos ollos. ⁴⁸ Vixiar a todas horas a propia conduta, ⁴⁹ter por certo que Deus nos está mirando en todo lugar. ⁵⁰Cando sobreveñan ao corazón malos pensamentos, escachalos ao momento

contra Cristo e manifestalos ao anciano espiritual. ⁵¹Gardarse de palabras malas ou perversas, ⁵²non ser amigo de falar moito, ⁵³ non decir palabras vanas ou que movan á risa, ⁵⁴non gustar de rir moito ou de maneira estrepitosa.

⁵⁵Escoitar con gusto as lecturas santas, ⁵⁶orar con frecuencia. ⁵⁷Confesar a Deus tódolos días, con bágoas e xemidos, os pecados da súa vida pasada, ⁵⁸ e no futuro enmendarse.

⁵⁹Non pór por obra os desexos da carne, ⁶⁰odiar a propia vontade, ⁶¹obedecer en todo os preceptos do abade, aínda que el (o que Deus non permita) faga outra cousa distinta do que manda, lembrándose do precepto do Señor: “Facede o que vos dicen, mas non o que eles fan” (Mt 23,3).

⁶²Non querer que o chamen santo antes de o ser, senón selo primeiro para que con verdade llo poidan chamar. ⁶³Practicar a diario os preceptos do Señor; ⁶⁴amar a castidade, ⁶⁵non odiar a ningún, ⁶⁶non ter ciumes, ⁶⁷non se deixar levar da envexa, ⁶⁸non amar as discusións, ⁶⁹ fuxir da altiveza. ⁷⁰Venerar aos mais vellos, ⁷¹ amar aos mais novos. ⁷² Rezar polos nemigos, movidos pola caridade de Cristo; ⁷³facer as paces antes do solpor con quen tivese algunha discordia.

⁷⁴ E nunca desesperar da misericordia de Deus.

⁷⁵Estes son os instrumentos da arte espiritual. ⁷⁶ Se día e noite os practicamos, sin desmaio, até o día do xuicio, darnos ha o Señor en recompensa o que nos ten prometido: ⁷⁷“O que non viu ollo ningún, nin ouvido ouviu, nin entrou xamais na mente do home, e que Deus lles ten preparado aos que o aman” (1 Cor 2,9).

⁷⁸A oficina onde hemos de practicar todo esto con dilixencia é a clausura do mosteiro e a estabilidade conventual.

V. A OBEDIENCIA

¹⁰ primeiro degrau da humildade é a obediencia sin demora. ² Esta convén aos que nada aman mais que a Cristo. ³E sexa polo servicio santo que profesaron, sexa polo medo ao inferno, ou pola vida eterna, ⁴ deseguida que lles é mandado algo polo

superior, fano ao momento, como se o mandara o mesmo Deus. ⁵ Deles di o Señor: “Obedeceume namais ouvirme” (Sal 17,45). ⁶E, dirixíndose aos doctores, volve decir: “Quen vos escoita a vós a min me escoita” (Lc 10,16).

⁷ Desta maneira, estes tales, deixando ao momento as suas cousas e a propia vontade, ⁸abandonando inmediatamente o que tiñan nas mans e deixando sin rematar o que estaban a facer, co pé sempre pronto a obedecer, siguen coas obras a voz de quen manda; ⁹e, como no mesmo intre, coa velocidade do temor de Deus, se realizan conxunta e rápidamente estas duas cousas: a orden do mestre e a obra, perfectamente rematada, do discípulo.

¹⁰ E que os consume o desexo de camiñar cara a vida etema, ¹¹por eso elixen con valentía o camiño estreito, do que di o Señor: “E estreito o camiño que leva á vida” (Mt 7,14). ¹²De maneira que non viven conforme aos seus antoxos e inclinacións, antes guíanse polo parecer doutros, desexando estar no mosteiro baixo o mandado dun abade. ¹³Eles son os que, sin dúbida, imitan ao Señor, que dixo de sí mesmo: “Non viñen facer a miña vontade, senón a de Aquel que me enviou” (Jn 6,38).

¹⁴ Mas esta mesma obediencia somentes será grata a Deus e doce aos homes, se o que se manda non se fai de calquera maneira, nin tarde, nin con preguiza ou murmuración. ¹⁵Porque a obediencia prestada aos superiores é a Deus a quen se presta, pois el mesmo di: “O que vos escoita a vós é a min a quen escoita” (Lc 10,16). ¹⁶ E cómpre tamén que os discípulos obedezan de boa gana, xa que “Deus ama ao que da con ledicia” (cf. Eclo 35,10; 2 Cor 9,7). ¹⁷E que, se o discípulo obedece de mala gana e murmura, non xa de boca, senón só no seu corazón, ¹⁸aínda que faga o mandado, xa non será acepto a Deus, que ve o corazón do murmurador; ¹⁹ e ningunha recompensa recibirá por esa obra, antes, polo contrario, incurre na pena dos murmuradores, salvo se satisface e se enmenda.

VI. O SILENCIO

¹Fagamos o que di o profeta: “Dixen, gardarei os meus camiños para non pecar

coa miña lingua; puxen gar- das na miña boca, quedei mudo e humilleime e non falei nin tan xiquera de cousas boas” (Sal 38,2 s.). ²Ensina aquí o profeta que, se hai ocasións nas que debemos as- temos mesmo de conversas boas polo amor do silencio, cánto mais debemos evitar as palabras malas pola pena do pecado. ³ Por conseguinte, aínda que sexa de conversas boas e santas e edificantes, rara vez se lles permitirán aos discípulos aventaxados, dada a importancia do silencio, ⁴pois está escrito: “Falando moito, non evitarás o pecado” (Prov 10,19), ⁵e noutra parte: “A morte e a vida están nas mans da lingua” (Prov 18,21). ⁶Ademais, ao mestre tócalle falar e ensinar, ao discípulo calar e escoitar.

⁷ Polo tanto, cando haxa que preguntar algo ao superior, fágase con toda humildade, sumisión e reverencia. ⁸ Mas as retransas, as palabras ociosas e as que fan rir, condenámolas en todo lugar e para sempre, e non consentimos ao discípulo abrir a boca para conversas desa natureza.

VII. A HUMILDADE

¹A divina Escritura, irmáns, dinos a voces: “Todo aquel que se exalta será humillado, e aquel que se abaixa será exaltado” (Lc 14,11). ²Con estas palabras móstra nos que toda exaltación é unha especie de soberbia. ³O profeta danos a entender que el fuxía deste gran mal cando di: “Señor, o meu corazón non se exaltou nin o meus ollos se levantaron; nin camiñei en busca de grandezas ou cousas superiores á miña capacidade” (Sal 130.1). ⁴Pois ¿qué sucedería “se non tivese sentimento de humildade, e a miña alma se exaltase? Sería a miña paga a dun meniño apartado do peito da sua nai” (Sal 130.2).

⁵ Polo tanto, irmáns, se queremos chegar ao cume da suprema humildade e atinxir rápidamente esa exaltación celeste á que se sube pola humildade na vida presente ⁶ cómprenos erixir coas nosas obras ascendentes aquel escada que viu en sonos Xacob, pola que subían e baixaban anxos. ⁷Sin dúbida, que non significa para nós outra cousa aquel baixar e subir, senón que pola soberbia baixamos e pola

humildade subimos. ⁸Esa mesma escada así levantada é a nosa vida no mundo, e quen a levanta no corazón humilde é o Señor. ⁹Os dous lados desta escada decimos ser o corpo e a alma, e neles colocou a vocación divina diversos degraus de humildade e perfección espiritual, para que os subamos.

¹⁰Así pois, o primeiro degrau de humildade é ter sempre diante dos ollos o temor de Deus e fuxir de todo en todo do esquecemento, lembrándose sempre de canto ten mandado Deus. ¹¹Cómo van parar ao inferno os que desprecian a Deus con seus pecados e cómo Deus lles dá a vida eterna aos que o temen. ¹²E gardándose en todo tempo de pecados e vicios, esto é, dos pensamentos, da lingua, mans, pés ou vontade propia, atalle tamén os desexos da carne. ¹³ Saiba o home que Deus o está mirando desde o ceo a todas horas e que canto fai está presente á Divinidade en todo lugar, e que os seus anxos lle dan conta de todo.

¹⁴É isto o que o profeta nos quer inculcar, cando nos presenta a Deus dentro dos nosos mesmos pensamentos, ao decirnos: “Tí sondeas, Deus, o corazón e as entrañas” (Sal 7,10). ¹⁵E tamén: “O Señor conoce os pensamentos dos homes” (Sal 93,11). ¹⁶E aínda: “De lonxe conoces os meus pensamentos” (Sal 138,3). ¹⁷ E noutro lugar di: “O pensamento do home serache manifesto” (Sal 75,11). ¹⁸E a fin de se prevenir contra os seus pensamentos perversos, diga sempre o irmán útil no seu corazón: “Somentes serei puro na súa presenza, se sei gardarme da miña iniquidade” (Sal 17,24).

¹⁹Polo que respecta á propia vontade, énos prohibido facela ao decirnos a Escritura: “Apártate das tuas vontades” (Eclo 18,30) ²⁰Tamén pedimos a Deus na oración que se faga en nós a súa vontade. ²¹Con toda razón se nos aconsella de non facemos a nosa vontade, pois así librámonos do que di a Escritura: “Hai camiños que lles parecen rectos aos homes, pero que ao fin van parar ao fondo do inferno” (Prov 16,25). ²²E tamén co temor de que se diga de nós o que se afirma dos negligentes: “Corrómpense e fanse abominables nos seus antoxos” (Sal 13,1)

²³ E, se se levantan os cobizos da carne, creamos firmemente que Deus nos está sempre presente, como lle di o profeta ao Señor: “Todos os meus desexos están

diante de ti” (Sal 37,10). ²⁴Temos, pois, que atallar todo mal desexo, xa que a morte está posta no comenzo do deleite. ²⁵De ahí a orden das Escrituras: “Non vaias tras dos teus desexos” (Eclo 18,30).

²⁶ Conseqüentemente, se “os ollos do Señor observan a bos e malos” (Prov 15,3), ²⁷se “o Señor desde o ceo olla sempre para os fillos dos homes por ver se hai alguén intelixente que busque a Deus” (Sal 13,2), ²⁸e se os anxos da nosa garda, día e noite, lle manifestan ao Señor as nosas obras, ²⁹debemos, irmáns, en todo tempo, estar alerta, como di o profeta no salmo, para que Deus non nos vexa “inclinados ao mal e feitos uns malvados” (cf. Sal 13,3); ³⁰e, anque nesta vida nos perdoe, porque é bo e espera que nos convirtamos e vivamos con mais dignidade, teña que decimos na outra: “Esto fixeches, e calei” (Sal 49,21).

³¹O segundo degrau da humildade consiste en non amar a propia vontade nin se complacer na satisfacción dos seus desexos, ³² antes imitar coas boas obras aquelas palabras do Señor: “Non viñen facer a miña vontade, senón a de Aquel que me enviou” (Jn 6,38). ³³Di tamén a Escritura: “A vontade leva o seu castigo e a sumisión, a sua coroa” (Passio Anastasiae 17).

³⁴O terceiro degrau da humildade é someterse, polo amor de Deus, ao superior, con toda obediencia, a imitación do Señor, de quen di o Apóstolo: “Fíxose obediente até a morte” (Flp 2,8).

³⁵O cuarto degrau da humildade consiste en que o monxe no exercicio da obediencia, nas cousas duras e adversas, incluso cando lle sexan inflixidas toda especie de inxurias, ³⁶ silandeiramente con alma e corazón abraza a paciencia, manténdose firme, sin fraquexar nin recuar, pois di a Escritura: “O que perseverase até ao fin, salvarase” (Mt 10,22); ³⁷e tamén: “Enchete de coraxe e espera no Señor” (Sal 26,14). ³⁸ E cando quer mostramos que polo amor do Señor debe o fiel aturalo todo, mesmo as cousas adversas, di na persoa dos que sofren: “Por tí somos entregados á morte todo o día; trátannos como a ovellas destinadas ao matadeiro” (Rom 8,36); Sal 43,22). ³⁹E, seguros coa esperanza da divina retribución, continúan cheos de gozo, decindo: “Mas en todo esto saímos vencedores, gracias a Aquel que

nos amou” (Rom 8,37). ⁴⁰E noutro lugar di a Escritura: “Fomos sometidos á proba, oh Deus, e fixéchesnos pasar polo lume, como se fai coa prata; deixáchesnos caír no lazo; amoreaches mágoas sobre as nosas costas” (Sal 65,10 s.) ⁴¹E, para mostrar que se debe estar baixo un superior, sigue decindo: “Impuñeches homes sobre as nosas cabezas” (Sal 65,12). ⁴² E, cumprindo asimesmo o precepto do Señor nas cousas adversas e nas injurias pola paciencia, ao que lles pega nunha meixela preséntanlle tamén a outra, ao que lles quita a túnica déixanlle tamén a capa, ao que os aluga para mil pasos ándanlle dous mil, ⁴³ co apóstolo Paulo aturan aos falsos irmáns e bendicen aos que os maldicen.

⁴⁴O quinto degrau da humildade consiste en manifestar ao abade por unha humilde confesión tódolos malos pensamentos que lle viñeren ou as faltas cometidas secretamente. ⁴⁵A esto exhórtanos a Escritura cando di: “Revélalle ao Señor o teu camiño e espera nel”(Sal 36,5). ⁴⁶ E tamén di: “Confesádevos ao Señor porque e bo, porque é eterna a súa misericordia” (Sal 105,1). ⁴⁷ E noutro lugar volve decir: “Deiche a conocer o meu delito e non che escondín as miñas inxusticias. ⁴⁸Declararei contra min ao Señor as miñas inxusticias, e ti perdoaches a impiedade do meu corazón” (Sal 31,5).

⁴⁹ O sexto degrau da humildade é sentirse o monxe contento con todo o que é mais vil e ínfimo, xulgándose operario malo e indigno para canto se lle manda, ⁵⁰ decindo para sí co profeta: “Fun reducido á nada, nunha completa ignorancia; como un xumento estou na tua presenza, pero sempre estou onda ti” (Sal 72,22 s.).

⁵¹ O sétimo degrau da humildade é non só decir coa súa lingua que é o inferior e o mais vil de todos, senón e que tamén o crea no íntimo do corazón; ⁵²abaixándose e decindo co profeta: “Polo que a min toca, son un verme e non un home, o oprobio dos homes e a vergoña da xente” (Sal 21,7). ⁵³“Fun exaltado e despois humillado e confundido” (Sal 87,16). ⁵⁴ E tamén: “Estívome ben que me humillaras, para que aprenda os teus mandamentos” (Sal 118,71.73).

⁵⁶ O octavo degrau da humildade é que o monxe non se afaste en nada da regra común do mosteiro ou dos exemplos dos maiores.

⁵⁶ O noveno degrau da humildade é que o monxe; conteña a sua lingua e, manténdose calado, espere para falar a que se lle pergunte, ⁵⁷por canto nos ensina a Escritura que “falando moito non se evita o pecado” (Prov 10,19), ⁵⁸e que “o home linguateiro non prospera na terra” (Sal 139,12).

⁵⁹O décimo degrau da humildade é que o monxe non sexa fácil nin pronto en rir, pois está escrito: “O necio rise estrondosamente” (Eclo 21,23).

⁶⁰O undécimo degrau da humildade é que o monxe fale repousadamente, con seriedade, humildade e gravidade, con poucas palabras e xuiciosamente, sin levantar a voz, ⁶¹ conforme ao que está escrito: “Ao sabio conócese pola sua sobriedade nas palabras” (Sexto, Enchiridion 145: “Sapiens paucis verbis innotescit”).

⁶²O duodécimo degrau da humildade é que o monxe, non somentes no corazón, mas tamén no seu porte exterior, mostre a humildade a cantos o ven; ⁶³ é decir, que durante a obra de Deus, no oratorio, no mosteiro, na horta, nos viaxes, no campo, ondequeira que se encontre, sentado, de pé ou andando, estea sempre coa cabeza baixa e os ollos fixos no chan. ⁶⁴ E, créndose sempre reo dos seus propios pecados, pense que se encontra xa no tremendo xuicio de Deus, ⁶⁵decindo sempre na intimidade do seu corazón o que dixo aquel publicano do evanxelio cos ollos fixos na terra: “Señor, non son digno, eu gran pecador, de levantar os meus ollos cara ao ceo” (cf. Lc 18,13). ⁶⁶E tamén aquilo do profeta: “Fun totalmente abatido e humillado” (Sal 37,9).

⁶⁷Cando o monxe teña subido todos estes degraus da humildade, chegará axiña a ese degrau de “amor de Deus que, por ser perfecto, elimina todo temor” (1 Jn 4,18); ⁶⁸debido a isto, o que antes cumpría non sin receo, comenará agora a realizalo sin traballo ningún, como naturalmente e por hábito, ⁶⁹non xa polo temor do inferno, senón polo amor de Cristo e o mesmo costume bo, e a satisfacción das virtudes. ⁷⁰Todo isto lle manifestará o Señor polo Espírito Santo ao obreiro limpo de vicios e pecados.

VIII. O OFICIO DIVINO POLA NOITE

¹ Durante o inverno, esto é, desde as calendas de novembro até a Pascua, érganse á octava hora da noite, calculada razoablemente, ²para que repousen algo mais da metade da noite e poidan erguerse xa repostos. ³O tempo que resta despois das vixilias aprovéiteno no estudio do salterio, ou das leicións, os irmáns que o precisaren.

⁴Mas desde Pascua até as calendas de novembro, regraméntese a hora de xeito que, tras o oficio das vixilias, e despois dun curtísimo intervalo no que os monxes poidan saír para as súas necesidades naturais, se dé comenzo inmediatamente as laudes, que deberán celebrarse ao romper o día.

IX. CANTOS SALMOS SE HAN DECIR NAS HORAS DA NOITE

¹ No mencionado tempo de inverno, dise en primeiro lugar e por tres veces o verso: “Abre, Señor, os meus labios e a miña boca anunciará os teus louvores” (Sal 50,17). ¹²A isto xúntase o salmo terceiro e gloria. ³Despois del o salmo 94 coa súa antífona, ou polo menos cantado. ⁴ Seguirá logo o himno ambrosiano e seis salmos con antífonas e, ⁵dito o verso, dé o abade a bendición. E, sentándose todos nos bancos, lerán os irmáns por turno tres leituras do libro que está sobre o atril. Despois de cada lectura cantarase un responsorio. ⁶Dous responsorios sin gloria; só ao fin do terceiro dirá gloria o que canta. ⁷E ao momento de o comenzo, érganse todos dos asentos, en honor e reverencia da Santísima Trindade. ⁸No oficio das vixilias léanse os libros divinamente inspirados así do Antigo como do Novo Testamento, e tamén os comentarios que deles fixeron os Pais católicos mais célebres e de ortodoxia reconocida.

⁹Despois destas tres leicións cos seus responsorios seguirán outros seis salmos, que se han de cantar con aleluia. ¹⁰Ven logo unha lectura do Apóstolo, que se dirá de memoria; o verso, a invocación da letanía, esto é, o Kirie eleison, e así se terminan

as vixilias da noite.

X. CÓMO SE HAN CELEBRAR NO VRAN OS LOUVORES NOCTURNOS

¹ Desde Pascua até as calendas de novembro seguirá o mesmo número de salmos, como xa dixemos mais arriba, ²salvo as leicións do libro, por seren as noites curtas. E no seu lugar dirase somentes unha de memoria, tomada do Antigo Testamento, seguida dun responsorio breve. ³Todo o resto farase como queda dito, ou sexa, que xamais se digan menos de doce salmos nas vixilias da noite, sin contar ó 3 e ó 94.

XI. CÓMO SE HAN CELEBRAR AS VIXILIAS AOS DOMINGOS

¹Aos domingos érganse mais cedo para as vixilias. ² Nelas retéñase a mesma norma, esto é, cantados seis salmos e o versículo, tal como queda disposto, sentados todos nos bancos ordenadamente e como mellor conveña, léanse polo libro, como tamén queda dito, catro leicions cos seus responsorios. ³Só no cuarto responsorio dirá gloria o que o canta; e namais comenzalo levántense todos con reverencia.

⁴Despois destas leicións, seguirán por orden outros seis salmos con antífonas, como os anteriores, e o versículo. ⁵Despois deles, leranse de novo outras catro leicións cos seus responsorios, da forma xa dita mais arriba. ⁶A continuación diranse tres cánticos dos libros proféticos, según a elección do abade, cantados con aleluia. ⁷Dito tamén o verso e despois da bendición do abade, leranse outras catro leicións do Novo Testamento, da maneira xa establecida. ⁸Despois do cuarto responsorio empece o abade o himno *Te Deum laudamus*. ⁹ Terminado éste, lerá o mesmo abade unha lectura do libro dos evanxelos, estando todos en pé con respecto e reverencia. ¹⁰Ao final respondan todos “Amén”. E deseguida entoará o abade o himno *Te decet laus*, e, dada a bendición, comencen o oficio de laudes.

¹¹Esta distribución das vixilias do domingo debe observarse en todo tempo, tanto

de inverno como de vran, ¹²de non ser que se ergan mais tarde (non o permita Deus) e haxa que abreviar un pouco as leicións ou os responsorios. ¹³Mas pónase sumo coidado en que tai non acaeza. E, de suceder, satisfará dignamente a Deus no oratorio o culpante.

XII. CÓMO CELEBRAR O OFICIO DE LAUDES

¹ No oficio de laudes do domingo dirase en primeiro lugar o salmo 66, sin antifona, todo seguido. ²Despois o salmo 50 con aleluia ³Siguen logo o 117 e o 62; ⁴despois o *Benedicite* e os *Laudate*, unha lectura do Apocalipse, de memoria, e o responsorio, o himno ambrosiano, o versículo, o cántico evanxélico, as preces litánicas e así se termina.

XIII. CÓMO SE HAN CELEBRAR AS LAUDES NOS DIAS FERIAIS

¹Nos días de semana, porén, o oficio de laudes celébrase así: ²Dise o salmo 66, sin antifona, como aos domingos, paseniño, para dar tempo a que cheguen todos ao salmo 50, que se dirá con antifona. ³Veñen logo outros dous salmos, según o costume, isto é, ⁴o luns, o 5 e o 35; ⁵o martes, o 42 e o 56; ⁶o mércores, o 63 e o 64; ⁷o xoves, o 87 e o 89; ⁸o venres, o 75 e o 91; ⁹o sábado, o 142 e o cántico do Deuteronomio dividido en dúas glorias. ¹⁰Nos outros días da semana, dise un cántico dos profetas, cada día o seu, como canta a Igrexa romana. ¹¹Despois siguen os *Laudate*; ven logo unha leición do Apóstolo, de memoria, o responsorio, o himno ambrosiano, o versículo, o cántico evanxélico, a letanía e así se termina.

¹²Nunca se rematarán os oficios, así de laudes como de vísperas, sin que ao final recite o superior íntegramente a oración dominical, escoitando todos, por causa das espiñas das discordias que acostuman xurdir, ¹³para que, amoestados polo compromiso contido nesta oración, na que se di: “perdóanos como tamén nós perdoamos” (Mt 6,12), se purifiquen deste vicio. ¹⁴Pero nos outros oficios somentes

se dirá en voz alta a última parte da oración, de modo que todos respondan: “mas líbranos do mal” (Mt 6,13).

XIV. CÓMO SE HAN CELEBRAR AS VIXILIAS NAS FESTAS DOS SANTOS

¹Nas festas dos santos e en tódalas solemnidades celébrase o oficio tal como dixemos que se faga o domingo, ²excepto os salmos, antifonas e leituras, que serán os propios do día. Referente ao número, obsérvese o prescrito mais arriba.

XV. EN QUÉ TEMPO SE DIRA ALELUIA

¹Desde a santa Pascua até ao Pentecostés dirase sempre aleluia, tanto nos salmos como nos responsorios. ²Desde Pentecostés até o comenzo da Cuaresma dirase somentes tódalas noites cos seis últimos salmos do oficio nocturno. ³Mas aos domingos, fóra da Cuaresma, diranse con aleluia os cánticos, laudes, prima, tercia, sexta e nona; as vísperas, en troques, con antifona. ⁴Os responsorios xamais se dirán con aleluia, de non ser desde Pascua até Pentecostés.

XVI. CÓMO CELEBRAR OS OFICIOS DIVINOS DURANTE O DIA

¹Como di o profeta: “Sete veces ao día cantei os teus louvores” (Sal 118,164). ²Este sagrado número sete cumpriremos nós, se a laudes, prima, tercia, sexta, nona, vísperas e completas realizamos as obrigacións do noso servicio, ³pois destas horas diumas dixo o salmista: “Sete veces ao día te louvo” (Sal 118,164). ⁴E, referíndose ás vixilias nocturnas, volveu decir: “A medianoite érgome para te louvar” (Sal 118,62). ⁵Por conseguinte, cantemos os louvores ao noso Creador nestas horas “polos xuicios da súa xusticia” (Sal 118, 164.62), isto é, a laudes, prima, tercia, sexta, nona, vísperas e completas, e ergámonos de noite para louvalo.

XVII. CANTOS SALMOS SE HAN DECIR NAS MENCIONADAS HORAS

¹Xa quedou determinado o orden da salmodia referente ás vixilias e laudes. Agora ímonos ocupar das outras horas. ²A hora de prima diranse tres salmos separadamente, é decir, non con un só gloria, ³e o himno da mesma hora, despois do verso “Ouh Deus, ven axiña e acórreme” (Sal 69,2). ⁴Acabados os tres salmos, recitarase unha lectura, o versículo, *Kirie eleison* e as fórmulas conclusivas.

⁵A tercia, sexta e nona celebrárase o oficio da mesma maneira, isto é, o versículo, os himnos propios de cada hora, tres salmos, a lectura e o versículo, *Kirie eleison* e as fórmulas finais. ⁶Se a comunidade fose numerosa, os salmos cantaranse con antífona, mas, se é reducida, seguidos.

⁷O oficio de vísperas constará de catro salmos con antífona. ⁸Despois recítase unha lectura; logo o responsorio, o himno ambrosiano, o versículo, o cántico evanxélico, as preces litánicas e conclúese coa oración dominical. ⁹As completas recitaranse tres salmos, todos seguido, sin antífona. ¹⁰Despois o himno da mesma hora, unha leición, o versículo, *Kirie eleison* e remátase coa bendición.

XVIII. ORDEN DA SALMODIA

¹En primeiro lugar dise o verso “Ouh Deus, ven axiña e acórreme; Señor, date presa a prestarme axuda” (Sal 69,2), o gloria e o himno de cada hora.

²O domingo á prima recitaranse catro seccións do salmo 118. ³Nas restantes horas, isto é, á tercia, sexta e nona, outras tres seccións do referido salmo 118. ⁴A prima do luns díganse outros tres salmos: o primeiro, o segundo e o sexto. ⁵E así, até o domingo, dinse á prima, cada día, tres salmos, polo seu orden, até o 19; dividindo en dous os salmos 9 e 17. ⁶Deste modo, as vixilias do domingo comencarán sempre polo salmo 20.

⁷A tercia, sexta e nona do luns, diranse as nove seccións restantes do salmo 118; tres a cada unha destas horas. ⁸Rematado así o salmo 118 en dous días, ou sexa, entre o domingo e o luns, ⁹o martes, á tercia, sexta e nona, dinse tres salmos

en cada hora, desde o 119 até o 127, é decir, nove salmos, ¹⁰mantendo tódolos días unha disposición uniforme de himnos, leituras e versículos. ¹¹Deste xeito, o domingo empezárase sempre polo salmo 118.

¹²A vísperas, cantaranse cada día catro salmos, ¹³ desde o 109 ao 147, ¹⁴excepto os reservados para outras horas, a saber, desde o 117 até o 127, e desde o 133 até o 142. ¹⁵Os restantes diranse a vísperas. ¹⁶Mas, como faltan tres salmos, dividíranse os mais longos, es- ro é, o 138, o 143 e o 144. ¹⁷O 116 por ser moi curto, xúntese co 115. ¹⁸Distribuído así o orden da salmodia vespertina, o resto, isto é, a lectura, o responsorio, o himno, o versículo e o cántico evanxélico, dise conforme se indicou enriba.

¹⁹A completas repetiranse tódolos días os mesmos salmos: o 4, o 90 e o 133.

²⁰Disposto o orden da salmodia diurna, tódolos salmos restantes distribuíranse proporcionalmente ao longo das sete vixilias nocturnas, ²¹dividindo os mais longos, de tal maneira que para cada noite se reserven doce salmos.

²²Mas, queremos advertir moi particularmente que, se alguén non ve con agrado esta distribución do salterio, pode facela el doutra maneira, se lle parece mellor, ²³sempre que observe a norma de recitar íntegro o salterio de 150 salmos durante unha semana, de xeito que, nas vixilias de cada domingo, se empece sempre polo mesmo salmo. ²⁴Pois darían proba de moi pouco fervor no seu servicio os monxes que, no curso de toda unha semana, reciten menos dun salterio cos seus cánticos de costume, ²⁵cando lemos que os nosos Pais tiñan a coraxe de realizar nun só día o que nós, tépedos, ogallá fagamos en toda unha semana.

XIX. MANEIRA DE SALMODIAR

¹Creemos que Deus está presente en tódalas partes e que “os ollos do Señor vixían en todo lugar a bos e malos” (Prov 15,3); ²pois con moita mais razón o debemos crer, sin dúbida algunha, cando asistimos ao oficio divino. ³Polo tanto, teñamos sempre moi presente o que di o profeta: “Serve ao Señor con temor” (Sal

2,11); ⁴e tamén: “Cantádelle salmos sabiamente” (Sal 46,8); ⁵e: “Na presenza dos anxos louvareite” (Sal 137,1). ⁶Consideremos, pois, con qué reverencia convén estar na presenza da Divinidade e dos seus anxos, ⁷e salmodiemos de tal maneira, que o noso pensamento vaia de acordo coa nosa voz.

XX. A REVERENCIA NA ORACIÓN

¹Se cando queremos pedir algo aos homes poderosos, non nos atrevemos a facelo, senón con humildade e respecto, ²¡con cánta maior razón debemos presentar as nosas súplicas ao Señor, Deus do universo, con verdaieira humildade e devoción, e pureza! ³E saibamos que non seremos escoitados por moito falar, mas pola pureza do corazón e polas bágoas de compunción. ⁴Por conseguinte, a oración debe ser breve e pura, salvo que se alongue por inspiración da gracia divina. ⁵Mas en comunidade abréviese en todo caso, e, dado o sinal polo superior, levántense todos ao mesmo tempo.

XXI. OS DECANOS DO MOSTEIRO

¹Se a comunidade fose numerosa, elíxanse de entre os irmáns algúns de boa reputación e santa vida, e sexan constituídos decanos. ²Istes, cheos de solicitude, preocuparanse polas suas decanías en todo, conforme aos mandamentos de Deus e aos mandados do seu abade. ³ Deben escollerse tais que poida o abade compartir tranquilo con eles o seu cargo. ⁴E non se elixan por orden de antigüidade, senón de acordo co mérito da sua vida e discreción de doutrina.

⁵Se algún deles, cheo, quizáis, de soberbia, é merecente de reprensión e despois da primeira, segunda e terceira corrección non quer enmendarse, sexa destituído, ⁶ e ocupe o seu lugar outro que sexa digno. Establecemos o mesmo referente ao prepósito.

XXII. CÓMO HAN DORMIR OS MONXES

¹Cada monxe terá a súa propia cama para dormir. ² Según a disposición do seu abade, recibirán todo o necesario de acordo co seu xénero de vida. ³ Podendo ser, durman todos nun mesmo lugar; mas se por seren moitos esto non é posible, durman en grupos de dez ou de vinte, con ancianos que velen solícitos sobre eles. ⁴ Alumée constantemente no local até a mañá unha lámpada.

⁵Durmirán vestidos e cinguidos con cintos ou cordas, e mentras descansan non teñan consigo os coitelos, non sexa que se firan ao dormir. ⁶Estarán sempre listos para se ergueren; e, dado o sinal, poranse en pé sen demora, bulindo co ánimo de acudir os primeiros á obra de Deus, con toda gravidade, porén, e modestia. ⁷Os irmáns mais novos non teñan contigas as suas camas, senón misturadas coas dos ancianos. ⁸Ao se ergueren para a obra de Deus, estímúlense discretamente uns aos outros, para que os dormiñentos non teñan excusa.

XXIII. A EXCOMUNIÓN POLAS FALTAS

¹Se algún irmán fose contumaz ou desobediente, ou soberbio, ou murmurador, ou transgresor dalgún punto da santa regra e dos preceptos dos ancianos, demostrando unha actitude despectiva, ²conforme ao mandado do Señor, sexa amoestado polos seus ancianos primeira e segunda vez. ³E, se non quer enmendarse, sexa reprendido públicamente. ⁴Mas, se nin así se corrixe, incurrirá na pena da excomunión, sempre que comprenda qué pena sexa ésta. ⁵Se é duro de corazón, aplíqueselle o castigo corporal.

XXIV. CAL DEBE SER A NORMA DA EXCOMUNIÓN

¹A excomunión ou castigo debe ser proporcionada á gravidade da culpa, ²cuia apreciación depende do criterio do abade.

³Cando un irmán é culpante de faltas leves, sexa excluído da participación da

mesa común. ⁴O así privado da mesa común aterase ás seguintes normas: non entoe ningún salmo nin antifona no oratorio, nin recite leición ningunha até ter satisfeito. ⁵Coma soio a súa porción despois dos irmáns, ⁶esto é, que se os irmáns comen, por exemplo, á sexta hora, coma el á de nona; se os irmáns a de nona, el á de vísperas, ⁷e así até que se lle perdoe, mediante satisfacción conveniente.

XXV. AS CULPAS GRAVES

¹O irmán culpante de algunha falta mais grave será excluído da mesa común e tamén do oratorio. ²Non se lle xunte ningún irmán nen fale con el. ³Estará completamente so mentras traballa na tarefa asignada, perseverando no seu pranto de penitencia, e meditando aquela terrible sentenza do Apóstolo: ⁴“Este home foi entregado ao estragamento da súa carne, a fin de que a súa alma se salve no día do Señor” (1 Cor 5, 5). ⁵Coma so a cantidade e á hora que o abade sinalare; ⁶ninguén o abenzoe ao pasar, nen a comida que se lle dá.

XXVI. OS QUE SE XUNTAN COS EXCOMUNGADOS

¹Se algún irmán, sen licencia do abade, tiver a ousadía de se xuntar cun excomungado, ²incurrirá na mesma pena de excomunión.

XXVII SOLICITUDE QUE DEBE TER O ABADE COS EXCOMUNGADOS

¹Preocúpese o abade con toda solicitude dos irmáns culpantes, pois os sans “non precisan do médico, senón os enfermos” (Mt 9,12). ²Polo tanto, cal sabio médico, debe empregar tódolos medios, enviando simpectas, isto é, ancianos sabios, ³que, como en segredo, conforten ao irmán flutuante e o induzan a unha humilde satisfacción, e consolándoo ao mesmo tempo, para que non se deixe levar dunha excesiva tristura, ⁴antes, como di o Apóstolo, “intensifíquese a caridade” (2 Cor 2,8) e recen

todos por el.

⁵En efecto, debe o abade empregar a máxima solicitude e, con toda sagacidade e industria, bulir para que non se perda ningunha das ovellas a el confiadas. ⁶Non se lle esqueza que aceptou a misión de coidar espíritos enfermizos, non a de amaestrar almas sanas. ⁷E tema aquela ameaza do profeta pola que di: “Tomabades para vós o que vos parecía groso e deixabades o fraco” (Ez 34,3-4). ⁸Imite tamén o exemplo de temura do bo pastor, quen, deixando nos montes noventa e nove ovellas, foi na procura dunha que se perdera; ⁹cuia fraqueza de tal maneira compadeceu, que se dignou carregala nas suas sagradas espaldas e conducila de novo ao rebaño.

XXVIII. OS QUE, CORREXIDOS MOITAS VECES, NON SE ENMENDAN

¹Se un irmán, frecuentemente correxido por calquer culpa e incluso excomungado, non se enmenda, aplíqueselle un castigo mais duro, é decir, o dos azoutes. ²E se nin así se corrixe, ou se quizáis (o que Deus non permita), inchado de soberbia, pretende xustificar a súa conduta, entón o abade fará o que un sabio médico. ³Se despois de empregar lenitivos, unguentos de exhortacións, medicamentos das divinas Escrituras e, finalmente, o cauterio da excomuniión ou os golpes da tralla, ⁴ve que xa nada consegue cos desvelos, bote man tamén do que é o mais eficaz: a súa oración e a de tódolos irmáns, ⁵para que o Señor, que o pode todo, sande ao irmán enfermo. ⁶Mas, se nin así se curá, usará o abade o ferro da amputación, como di o Apóstolo: “Afastade ao malo da vosa compañía” (1 Cor 5,13) ⁷E noutro lugar: “Se o infiel se vai, que se vaia” (1 Cor 7,15), ⁸ non suceda que unha ovella enferma contaxie todo o rebaño.

XXIX. SE DEBEN SER RECIBIDOS DE NOVO OS IRMANS QUE SE VAN DO MOSTEIRO

¹Se un irmán, que pola propia culpa se foi do mosteiro, quer voltar de novo,

prometa antes a total enmenda do que motivou a sua saída, ²e con tal condición será recibido no último lugar, para probar a sua humildade. ³E, se torna a saír, sexa recibido da mesma maneira até tres veces; pero saiba que no sucesivo lle será denegada toda posibilidade de retorno ao mosteiro.

XXX. CÓMO CASTIGAR AOS NENOS DE POUCA EDADE

¹Cada idade e degrau de intelixencia precisa as suas medidas. ²Polo tanto, sempre que os nenos ou adolescentes, ou incapaces de comprenderen o que é a excomunión, falten en algo, ³serán castigados con rigorosos xexúns ou con aspros azoutes, para que se enmenden.

XXXI. CAL DEBA SER O MAORDOMO DO MOSTEIRO

¹Para maordomo do mosteiro elíxase ún da comunidade que sexa sensato, maduro de costumes, sobrio e non larpeiro, nin altivo, turbulento, inxuriador, indolente ou pródigo, ²senón temeroso de Deus, que sexa como un pai para toda a comunidade. ³Estará ao coidado de todo; ⁴e nada faga sin orden do abade. ⁵Fará sinxelamente o que lle manden. ⁶Non contriste aos irmáns. ⁷Se lle pide algún irmán algunha cousa fóra de razón, non o aflixa con menosprecios, antes con boas razóns e humildade recuse o que lle for mal pedido. ⁸Mire pola sua propia alma, lembrándose sempre destas palabras do Apóstolo: “O que ben administra faise acredor a un bo lugar” (1 Tim 3,13). ⁹Coide coa máxima solicitude dos enfermos, nenos, hóspedes e pobres, na certeza de que ha dar contas de todos eles no día do xuicio. ¹⁰Considere coma vasos sagrados do altar tódolos obxectos e bens do mosteiro. ¹¹Nada teña en pouco. ¹²Non sexa avarento nin pródigo, nin espilfarre o patrimonio do mosteiro. Fágao todo con medida, conforme ao mandado do abade.

¹³Sexa, ante todo, humilde e, cando non teña o que lle piden, dé polo menos unha boa resposta, ¹⁴pois está escrito: “Val mais unha boa palabra que o mellor rega-lo”

(Eclo 18,17). ¹⁵Terá baixo o seu coidado todo canto o abade lle confíe; e non se entrometa no que lle tivese prohibido. ¹⁶Distribúa aos irmáns a ración establecida, sin orgullo nin demora, para que non se escandalicen, lembrándose do que di a Palabra de Deus referente ao castigo do “que escandaliza á algún deses pequenos” (Mt 18,6).

¹⁷Se a comunidade fose numerosa, dénselle axudantes, para así poder cumprir co oficio que se lle confiou sin perder a paz. ¹⁸Dése o que se teña de dar e pídase o que se teña de pedir ás horas convenientes, para que ninguén se perturbe ou entristeza na casa de Deus.

XXXII. FERRAMENTAS E OUTROS OBXECTOS DO MOSTEIRO

¹Encomende o abade a irmáns de cuia vida e costumes esté seguro o coidado dos bens do mosteiro: ferramentas, vestidos e demais obxectos, ²e confíellos a cada un deles, conforme lle pareza, para que os garden e recollan. ³E teña o abade un inventario de todo para poder saber o que dá e o que recibe, cando os irmáns se suceden úns aos outros nos seus cargos.

⁴Se alguén trata as cousas do mosteiro con neglixencia ou falta de limpeza, sexa reprendido; ⁵ se non se enmenda, será sometido á disciplina regular.

XXXIII. SE DEBEN OS MONXES TER ALGO EN PROPIEDAD

¹Sobre todo, extírpese radicalmente do mosteiro este vicio: ²que ninguén teña o atrevimento de dar ou recibir algo sin permiso do abade, ³nen ter en propiedade absolutamente nada: nen libro, nen tabuiñas, nin estilete, nada absolutamente, ⁴pois nin xiquera lles é lícito dispoñer do propio corpo nin da propia vontade. ⁵ Todo canto necesiten débeno esperar do pai do mosteiro, e non poden lícitamente ter cousa algunha que o abade non dé ou permita. ⁶Sexan tódalas cousas comúns a todos, como está escrito, e ninguén diga ou considere sua cousa ningunha.

⁷E, se se advirte que alguén se comprace neste vicio tan detestable, sexa amoestado primeira e segunda vez; ³ de non se enmendar, será castigado.

XXXIV. SE DEBEN TODOS RECIBIR IGUALMENTE O NECESARIO

¹Está escrito: “Repartíasele a cada ún conforme á sua necesidade” (Ac 4,35).
²Con esto non se quer decir que haxa discriminación de persoas (non o permita Deus), senón que se considere a fraqueza. ³Desta maneira o que necesite menos, dará gracias á Deus, sin se entristecer; ⁴e o que necesita mais, humillárase pola sua debilidade, sin se ensoberbecer polas atencións de que é obxecto. ⁵Así todos os membros vivirán en paz. ⁶Ante todo, que non asome o mal da murmuración en ningunha das suas formas, nin de palabra, nin por acenos, por ningún motivo. ⁷ De incurrir alguén neste vicio, será moi severamente castigado.

XXXV. OS SEMANEIROS DE COCIÑA

¹Sírvanse os irmáns mutuamente e ninguén quedará dispensado do servicio da cociña, de non ser por causa de enfermidade ou por outra ocupación de maior interés, ²pois así se consegue unha maior recompensa e caridade. ³Aos fracos, dénselle axudantes, para que non desempeñen este oficio con tristura; ⁴senón que todos teñan axuda, conforme ao número de monxes e ás circunstancias do mosteiro. ⁵Se a comunidade fose numerosa, o maordomo será dispensado do servicio da cociña, e asimesmo, como xa dixemos, os que estén ocupados en servicios de maior interés; ⁶todos os demais sírvanse mutuamente con caridade.

⁷O que termina o seu turno de semana, fará a limpeza o sábado. ⁸Lavarán as toallas coas que os irmáns enxugan as mans e os pés. ⁹Lavarán tamén os pés de todos, non só o que termina o seu turno, senón tamén o que comenza. ¹⁰Devolverá ao maordomo limpos e en bo estado os utensilios do seu oficio. ¹¹O maordomo, pola sua parte, entrégueos ao que entra de turno, para que saiba o que dá e o que recibe.

¹²Unha hora antes da refección, tomen os semaneiros, ademais da ración

establecida, un pouco de pan e viño, ¹³para que, mentras comen os seus irmáns, os poidan servir sen murmurar nin demasiada fatiga. ¹⁴Mas nos días solemnes agardarán até o final da misa.

¹⁵Tanto os que entran como os que saen de semana, o domingo, no oratorio, despois do oficio de laudes, postraranse aos pés de todos, pedindo que recen por eles. ¹⁶O que termina a semana dirá este verso: “Bendito sexas, Señor Deus, porque me axudaches e consolaches” (Sal 85,17). ¹⁷Repetido tres veces, recibirá a bendición. Despoies seguirá o que comenza a semana con estoutro verso: “Ouh Deus, ven axiña e acórreme; Señor, date presa á prestarme axuda” (Sal 69,2). ¹⁸ E repetido tamén tres veces e recibida a bendición, comenza o seu servizo.

XXXVI. OS IRMÁNS ENFERMOS

¹Ante todo e por enriba de todo débense atender os enfermos como se fosen o mesmo Cristo en persoa, ²pois foi el quen dixo: “Estiven enfermo e viñéste me ver” (Mt 25,36). ³E: “O que fixestes a un destes pequenos, á min mo fixestes” (Mt 25,40). ⁴Mas pensen tamén os enfermos, á súa vez, que se lles sirve así en honor á Deus, e non sexan impertinentes con esixencias desmesuradas aos irmáns que os atenden. ⁵Estes, porén, soportaranos con paciencia, pois desta maneira conséguese un premio maior. ⁶Polo tanto, debe o abade ter sumo coidado para que non padezan negligencia algunha.

⁷Haxa para os enfermos un lugar aparte e un enfermeiro temeroso de Deus, dilixente e solícito. ⁸Sempre que faga falta, permítase aos enfermos o uso dos baños; aos sans, non obstante, e mais aínda se son mozos, rara vez se lles conceda. ⁹Da mesma maneira, os enfermos moi febles poderán tomar carne, para que se repouñan; mas, logo que convalezan, asteranse todos de carne, conforme ao costume.

¹⁰Terá o abade o máximo coidado de que os maordomos e enfermeiros non descoiden aos enfermos, pois sobre el recaen as faltas cometidas polos discípulos.

XXXVII. OS ANCIANOS E OS NENOS

¹Aínda que a mesma natureza humana nos inclina á indulxencia para con estas dúas edades, os ancianos e os nenos, debe velar tamén por eles a autoridade da regra. ²Terase sempre en conta a súa debilidade, e non serán de modo ningún sometidos ao rigor da regra respecto aos alimentos, ³antes téñase con eles piedosa consideración e séalles permitido adiantar as horas reglamentarias da comida.

XXXVIII. O LEITOR DA SEMANA

¹A mesa dos irmáns non debe faltar a lectura. Nen lerá aí o primeiro que, por casualidade, colla o libro, senón que o que vai ler tóda a semana, empezará o domingo. ²E ao entrar, despois da misa e comunión, pida a todos que recen por el, para que Deus o libre da altiveza; ³e dirase este verso no oratorio, repetido tres veces por todos, comenzando o mesmo leitor: “Señor, ábreme os labios, e a miña boca cantará os teus louvores” (Sal 50,17). ⁴E así, recibida a bendición, comenzará o seu servicio.

⁵Gárdese absoluto silencio, de xeito que non se perciba murmurio ningún, nin outra voz que a do que le. ⁶Sírvanse os irmáns uns aos outros todo canto precisen os que comen e beben, de modo que ninguén teña que pedir cousa ningunha. ⁷E, de necesitarse algo, pídase mais ben con algún signo ou son, que de palabra. ⁸Nin teña alí ninguén o atrevemento de preguntar algo sobre a lectura ou calquera outra cousa, para non dar ocasión de falar; ⁹só se o superior quer decir unhas breves palabras de edificación.

¹⁰O lector de semana pode tomar un pouco viño con agua antes de comenzar a ler, a causa da santa comunión e porque lle resultará moi penoso estar en xexún.

¹¹Pero coma despois cos semaneiros de cociña e servidores.

¹²Non lean ou canten os irmáns por turno, senón os que edifiquen aos ouvintes.

XXXIX. TASA DA COMIDA

¹Creemos que para a refección cotiá, tanto á sexta como á nona, abundan en tódalas mesas dous manxares cocidos, tendo en conta as diversas necesidades; ²co fin de que tome do outro o que quizáis non pode tomar do primeiro. ³Sexan, pois, suficientes para tódolos monxes dous manxares cocidos; e, se houbese alí froitas ou legumes frescas, engádase un terceiro.

⁴Baste unha libra longa de pan ao día, ben sexa unha a refección, ou ben para o xantar somentes e á cea. ⁵Se hai cea, garde o maordomo a terceira parte da mesma co fin de dala á cea.

⁶Mas, se acaso o traballo foi maior, esté ao arbitrio e facultade do abade engadir algo mais, se convén, evitando ante todo o exceso, ⁷e que endexamais lle sobreveña ao monxe endixestión ningunha; ⁸por canto nada hai tan contrario a todo cristián como a larpeiría, ⁹según dí o Noso Señor: “Procurade non gravar os vosos corazóns coa intemperancia” (Lc 21,34).

¹⁰Aos nenos de poucos anos, empreso, non se lles dé a mesma cantidade que aos maiores, gardando en todo a temperanza.

¹¹Polo demais, abstéñanse todos en absoluto de comer carne de cadrúpedos, de non ser os enfermos que estean moi febles.

XL. A RACIÓN DA BEBIDA

¹“Cada ún ten o seu don particular de Deus, un dunha maneira e outro doutra” (1 Cor 7,7). ²E por eso que con algún escrúpulo fixamos para outros a medida do sustento; ³empreso, tendo en conta a froxidade dos febles, cremos que chega para cada ún unha hémina de viño ao día; ⁴aqueles, porén, aos que Deus dá forzas para se asteren, saiban que terán especial galardón.

⁵Mas se a necesidade do lugar ou o traballo, ou a calor do vran esixisen mais, deixámolo á discreción do superior, procurando que nunca se dé lugar ao exceso de comida ou bebida. ⁶Anque lemos que o viño non é propio de monxes en maneira ningunha, non obstante, como nos nosos días xa non se lles pode convencer deso, conveñamos en que non se tome até a saciedade, senón con moderación: ⁷porque “o viño fai apostatar incluso aos sabios” (Eclo 19,2).

⁸Con todo, onde as condicións do lugar non permitan dispoñer nin xiquera da sobredita cantidade, senón moito menos ou nada en absoluto, bendigan a Deus os que aí vivan e non murmuren; ⁹advertímoslles sobre todo que endexamais murmuren.

XLI. A QUÉ HORAS CONVÉN QUE COMAN OS MONXES

¹Desde a santa Pascua até Pentecostés xanten os monxes á hora de sexta e ceen ao anoitecido.

²Mas desde Pentecostés, no decurso de todo o vran, se non teñen os monxes traballo no campo ou non o impide a calor do estío, xexunen os mércores e venres até nona; ³os demais días xantarán á sexta. ⁴Esto mesmo, de ter traballo no campo ou se a calor do vran é excesiva, mantéñase durante a semana, a xucio do abade, ⁵ quen, de tal maneira modere e dispoña tódalas cousas, que as almas se salven e que canto os monxes realizan o fagan sin lexítima murmuración.

⁶A partir do catorce de setembro até o comenzo da Cuaresma xanten sempre á nona. ⁷Mas durante a Cuaresma até Pascua, á hora de vísperas. ⁸O oficio de vísperas celébrese de tal modo que non precisen luz de lámpada para a refección, senón que todo se conclúa coa luz do día. ⁹E en todo tempo dispóñanse as horas de xantar e cear de xeito que todo se faga con luz natural.

XLII. QUE NINGUÉN FALE DESPOIS DE COMPLETAS

¹Os monxes sempre deben gardar silencio, pero ás horas da noite con maior razón.

²E así, en todo tempo, ben sexa de xexún ou ben de refección, ³-se se ceou, tan pronto se ergan da mesa-, séntense todos xuntos e lea ún as Colacións ou as Vidas dos Pais, ou calquera outra cousa que edifique aos ouvintes; ⁴mas non o Heptateuco ou os libros dos Reis, porque a esa hora non lle será de proveito ás intelixencias febles escoitar tales leituras.

⁵Se fose día de xexún, ditas as vísperas, tras un breve intervalo, acudan axiña á lectura das Colacións, conforme queda dito; ⁶ léanse catro ou cinco follas, ou o que permita a hora, ⁷para que no decurso desta lectura se xunten todos (caso de que alguén estivese ocupado nalgunha obediencia) e recen as completas. ⁸Despois deste oficio a ninguén se dé licencia para falar dalgunha outra cousa con quen sexa. ⁹Se alguén fose sorprendido quebrantando esta regra do silencio, será sometido a grave castigo; ¹⁰de non ser que houberse necesidade de atender aos hóspedes, ou se acaso o abade mandase algunha cousa a alguén. ¹¹Pero aínda esto fágase con suma gravidade e gran moderación.

XLIII. OS QUE CHEGAN TARDE AO OFICIO DIVINO OU Á MESA

¹A hora do oficio divino, tan axiña como oian o sinal, deixando tódalas cousas que tiveren entre mans, acudan con suma presteza, ²pero con gravidade, para non dar pé á disipación. ³Nada se antepoña á obra de Deus.

⁴Se alguén chega ás vixilias despois do gloria do salmo 94, que por eso queremos que se diga moi despacio e gran lentitude, non ocupe o seu lugar no coro, ⁵senón quédese o último de todos, ou no sitio que para tales negligentes teña sinalado aparte o abade, a fin de que estea á sua vista e á de todos; ⁶até completar a obra de Deus, faga penitencia con pública satisfacción. ⁷E cremos que se deben poner no derradeiro lugar ou aparte, para que, vistos de todos, xiquera pola mesma confusión se enmenden. ⁸Pois de se quedaren fora, talvez haxa alguén que se deite

e durma, ou polo menos, sentándose fóra, se entreteña en conversas vás o dé ocasión ao maligno; ⁹que entren, pois, dentro para que non o perdan todo e se enmenden no sucesivo.

¹⁰Mas o que nos oficios diumos chegue tarde á obra de Deus, esto é, despois do verso e do gloria do primeiro salmo que se di a continuación do verso, colocarse no último lugar, conforme á regra establecida, ¹¹e non presuma asociarse ao coro dos que cantan, sin antes ter satisfeito, de non ser que o abade o autorice coa sua vema; ¹²pero coa condición de que satisfaga coma culpante desta falta.

¹³E o que non chegue á mesa antes do verso, de xeito que o poidan decir todos á vez e orar xuntos, e sentarse ao mesmo tempo á mesa, ¹⁴será reprendido por duas veces, se a sua tardanza é debida a neglixencia ou a mal costume. ¹⁵Se no sucesivo non se corrixe, non se le permita participar na mesa común, ¹⁶senón que, separado da compañía de todos, coma só, até que satisfaga e se corrixa. ¹⁷Imporáselle o mesmo castigo ao que non estea presente ao verso que se di despois de comer.

¹⁸E ningún ouse tomar comida ningunha ou bebida antes ou despois da hora sinalada. ¹⁹Mas se o superior lle ofrece algunha cousa á alguén e non a quer aceptar, nin se lle dará, cando el o desexe, o que antes refugou, nin outra cousa ningunha até que dea cumprida satisfacción.

XLIV. CÓMO HAN SATISFACER OS EXCOMUNGADOS

¹O que por culpas graves foi excomungado do oratorio e da mesa, á hora en que se celebra a obra de Deus permaneza postrado á porta do oratorio, sin decir nada, ²somentes co rostro pegado á terra, abatido aos pés de tódolos que saen do oratorio. ³E seguirá facendo esto até que o abade xulgue estar completa a satisfacción. ⁴Cando o abade o mande comparecer, axionllarase aos seus pés e despois aos de todos os monxes, para que recen por el. ⁵E entón, se o abade o ordenare, será admitido no coro según o orden que o abade determine; ⁶non se astreva, porén, a entoar no oratorio salmo, leición ou calquera outra cousa, se o abade non llo manda de novo.

⁷E en tódolos oficios, ao terminar a obra de Deus, póstrese en terra no lugar onde estea; ⁸e así satisfaga até que o abade lle mande deixar xa esta satisfacción.

⁹Os que por faltas leves son excomungados só da mesa, satisfagan no oratorio, até recibir orden do abade; ¹⁰e sigan facendo así até que os abenzoe e diga que xa chega.

XLV. OS QUE SE TRABUCAN NO ORATORIO

¹Se alguén, mentras pronuncia un salmo, responsorio, antifona ou leición, se trabuca e non se humilla alí mesmo, dando satisfacción diante de todos, sexa sometido a un maior castigo; ²pois non quixo correxir coa humildade o erro que cometeu por descoido. ³ Aos nenos bátaselles por tales faltas.

XLVI. OS QUE FALTAN EN CALISQUERA OUTRAS COUSAS

¹Se alguén, mentras traballa en calquera ocupación, na cociña, na despensa, nalgún servicio, na panadería, na horta, no exercicio dalgunha outra arte, ²rompese ou perdese algo ou caíse nalgunha falta ou se excedese no que sexa, ³e non vén logo espontáneamente diante do abade e dos monxes a dar satisfacción e declarar a súa falta, ⁴senón que ésta é coñecida por outro, será sometido a unha maior corrección.

⁵Mas se se trata dalgún pecado oculto da alma, conféseo só ao abade ou aos ancianos espirituais, ⁶que saiban curar as súas propias feridas e as alleas, non descubrilas ou publicalas.

XLVII. A CHAMADA PARA A OBRA DE DEUS

¹O abade é o responsable de que se dé ao seu debido tempo o sinal para a obra de Deus, así de día como de noite, ou ben cumprindo el mesmo esta misión, ou ben encomendándolla a un monxe tan solícito, que todo se faga ás horas competentes.

²Os salmos e antífonas serán entoadas, despois do abade, por orden de precedencia, por aqueles á quenes se lles encargue. ³Non se meta a cantar ou ler, de non ser o que poida cumprir ese oficio de xeito que se edifiquen os ouvintes; ⁴farase con humildade, gravidade e reverencia, e só por aquel a quen mandare o abade.

XLVIII. O TRABALLO MANUAL DE CADA DÍA

¹A ociosidade é nemiga da alma. Por conseguinte, deben os monxes ocuparse no traballo manual a certas horas e noutras na leición divina.

²E así, cremos estará ben distribuir o tempo destas dúas ocupacións como sigue: ³desde Pascua até as calendas de outubro, ao saír do oficio de prima traballarán pola mañá no que sexa necesario até a hora cuarta. ⁴Desde a hora cuarta até a sexta, mais ou menos, adicaranse a lectura. ⁵Despois de sexta, en erguéndose da mesa, descansarán nas súas camas con moito silencio, ou se acaso alguén quer ler, lea para sí, sin molestar aos outros. ⁶Dirase a nona mais cedo, mediada a hora octava, e volvan traballar até vísperas no que faga falta. ⁷Mas se as condicións do lugar ou a pobreza esixisen que se ocupen na colleita das meses, non se entristezan, ⁸porque entón son verdadeiramente monxes, cando viven do traballo das súas mans, coma os nosos Pais e os apóstolos. ⁹Pero fágase todo con moderación, a causa dos febles. ¹⁰A partir do catorce de setembro até o comenzo da Cuaresma adicaranse os monxes á lectura até o final da segunda hora. ¹¹Entón rezarán o oficio de tercia e traballarán todos até nona na tarefa que se lles sinale. ¹²Ao primeiro sinal para o oficio de nona abandoarán os seus labores, a fin de estaren a punto cando soe o segundo sinal. ¹³Despois da refección adicaranse ás súas leituras ou aos salmos.

¹⁴Durante a Cuaresma adíquense á lectura desde pola mañá até finalizar a hora terceira, e despois traballarán no que se lles mande até o final da hora décima. ¹⁵Neses días de Cuaresma recibirá cada ún un libro da biblioteca, que lerá íntegramente por orden; ¹⁶estes códices repártanse ao comenzo da Cuaresma.

¹⁷Sería tamén moi conveniente designar un ou dous ancianos que percorran o mosteiro durante as horas que os irmáns adican á lectura, ¹⁸por se algún monxe, vencido pola preguiza, en vez de ler, se dá á folganza ou a parolar, perxudicándose a sí mesmo e embobando aos demais. ¹⁹Se alguén fose sorprendido nesta falta (non o permita Deus), sexa reprendido primeira e segunda vez; ²⁰e, se non se corrixe, aplíqueselle o castigo da regra, para que os demais aprendan. ²¹Ningún irmán vaia tratar nada con outro ás horas indebidas.

²²Aos domingos ocuparanse todos na lectura, de non ser os que estean designados para algún servicio.

²³Pero se houberse alguén tan negligente e apático que non quixese ou non poidese meditar ou ler, sinalaráselle algunha ocupación para que non estea folgado.

²⁴Aos monxes enfermos ou febles encomendaráselles unha ocupación ou oficio tal, que nin estean folgados, nin o peso do traballo os oprima tanto que teñan que desistir. ²⁵Considere o abade a súa fraqueza.

XLIX. OBSERVANCIA DA CUARESMA

¹Aínda que a vida dun monxe debería ser en todo tempo unha observancia cuaresmal, ²con todo, xa que son poucos os que teñen esa virtude, aconsellamos que durante os días da Cuaresma leven de conxunto unha vida moi pura, ³de xeito que nestes días santos borren tódalas negligencias pasadas. ⁴Faremos esto dignamente, se nos abstemos de tódolos vicios e nos damos á oración con bágoas, á lectura e á compunción do corazón. ⁵Polo tanto, nestes días engadamos algunha cousa mais á nosa tarefa ordinaria: oracións especiais, abstinencia na comida e na bebida, ⁶de maneira que cada un, espontáneamente, ofreza á Deus, co gozo do Espírito Santo, algo aparte da medida que lle é imposta, ⁷esto é, que substraia ao seu corpo algo da comida, da bebida, do sono, das conversas e dos pasatempos, e agarde a santa Pascua co gozo dun anxeio espiritual.

⁸Mas eso que cada ún ofrece, débeo comunicar ao seu abade e facelo coa axuda

da sua oración e beneplácito, ⁹ pois o que se fai sin autorización do pai espiritual será considerado como presunción e vanagloria, e non terá recompensa; por conseguinte, todo se debe facer coa licencia do abade.

L. OS IRMÁNS QUE TRABALLAN LONXE DO ORATORIO OU VAN DE VIAXE

¹Os irmáns que traballan moi lonxe e non poden acudir ao oratorio ás horas debidas, ²se o abade comproba que é así realmente, ³digan o oficio divino no mesmo lugar onde traballan, axionllándose con temor de Deus.

⁴Outro tanto farán os que están de viaxe. Non deixen o rezo das horas mandadas, antes récenas en particular como poidan e non descoiden esta tarefa do seu servicio.

LI. OS IRMÁNS QUE SAEN E NON VAN MOI LONXE

¹O irmán que é enviado a calquera recado e espera volver ao mosteiro no mesmo día, non teña o astrevemento de xantar fóra, por moito que o inviten, ²salvo se ten autorización do abade. ³E, se fai o contrario, sexa excomungado.

LII. O ORATORIO DO MOSTEIRO

¹O oratorio será o que o seu nome significa, e nada se fará nel nin gardará ningunha outra cousa. ²Terminada a obra de Deus, sairán todos con sumo silencio, gardando a Deus a debida reverencia, ³para que, se algún irmán quer, acaso, rezar privadamente, non sexa impedido pola indiscreción doutro. ⁴E, se noutro momento quer rezar con mais segredo, entre sinxelamente e rece, non en voz alta, senón con bágoas e fervor do corazón. ⁵Polo tanto, ao que non obre desta maneira, non se lle permita, terminada a obra de Deus, seguir no oratorio, como queda dito, para que non estorbe aos demais.

LIII. CÓMO RECIBIR AOS HÓSPEDES

¹A tódolos hóspedes que chegan ao mosteiro recíbanos como ao mesmo Cristo, pois el mesmo dirá: “Fun peregrino e acolléstesme” (Mt 25,35). ²E déase a todos o honor debido, “sobre todo aos irmáns na fe” (Gál 6,10) e aos peregrinos.

³Polo tanto, unha vez que se anuncie a chegada dun hóspede, irá ao seu encontro o superior e os irmáns con tódalas delicadezas da caridade. ⁴En primeiro lugar rezarán xuntos e a continuación daranse a paz. ⁵O ósculo de paz non debe darse senón despois de ter orado, para precaver os enganos diabólicos.

⁶No mesmo saúdo debe brillar a humildade, tanto respecto dos hóspedes que chegan como dos que se van: ⁷inclinada a cabeza ou postrado todo o corpo no chan adoren neles a Cristo, que é a quen se recibe. ⁸Acollidos así os hóspedes, léveseos a orar, e despois o superior ou quen este mandare sentarase con eles. ⁹Léase diante do hóspede a lei divina, para a súa edificación e despois será agasallado con toda humanidade. ¹⁰ O superior crebará o xexún polo amor o hóspede, salvo se se trata dun día de xexún dos principais, que non poidan quebrantarse. ¹¹Os irmáns, porén, continuarán cos xexúns acostumados. ¹²O abade dará aguamáns aos hóspedes, ¹³e tanto el coma a comunidade enteira lavarán os pés a tódolos hóspedes. ¹⁴E, despois de lavados, dirán este verso: “Recibimos, ouh Deus, a tua misericordia no meio do teu templo” (Sal 47,10).

¹⁵Os pobres e peregrinos sexan acollidos con particular coidado e solicitude, pois neles recíbese a Cristo mais particularmente; por canto que aos ricos o propio terror que inspiran move a honralos.

¹⁶Haxa unha cociña distinta para o abade e os hóspedes, co fin de que, cando cheguen os hóspedes, que nunca faltan no mosteiro e se poden presentar a calquera hora, non perturben aos irmáns. ¹⁷Cada ano encarregaranse desa cociña dous irmáns que cumpran ben ese oficio. ¹⁸E, cando o necesiten, proporciónenselles axu-

dantes, para que presten os seus servicios sen murmurar; mas, cando teñan pouco traballo, sairán a traballar onde se lles mande. ¹⁹E non só eles, senón que se fará outro tanto con tódolos oficios do mosteiro, ²⁰esto é, que sempre que precisen axuda se lles dea, e cando estén folgados, obedezan aos mandatos.

²¹A hospedería confiarase a un irmán cuia alma posea o temor de Deus. ²²Nela haxa camas preparadas en número suficiente. E estea a casa de Deus administrada sabiamente por homes sabios.

²³Quen no estea autorizado para o facer, non se acerque nin fale cos hóspedes. ²⁴Mas, se se encontra con eles ou os ve, saúdeos con humildade, como dixemos; pídalles a bendición e siga o seu camiño, decíndolles que non lle está permitido falar cos hóspedes.

LIV. SE PODE O MONXE RECEBIR CARTAS OU CALQUERA OUTRA COUSA

¹Ao monxe non lle está permitido de ningunha maneira recibir ou dar, nin dos seus pais, nin de calquera outra persoa, nin doutro monxe, cartas, euloxias, ou calquer presente, sin autorización do abade. ²E se lle mandaran algunha cousa, aínda que foran seus pais, non ouse aceptala sin antes poñela en coñecemento do abade. ³Se este manda que se acepte, é libre o abade de o entregar a quen queira. ⁴E non por eso se poña triste o irmán a quen por ventura viña dirixido, para non dar ocasión ao maligno. ⁵Quen se atreva a obrar doutra maneira, será sometido á disciplina da regra.

LV. A ROUPA E O CALZADO DOS IRMÁNS

¹A roupa que se ha de dar aos irmáns debe ser conforme ás condicións dos lugares en que habitan e ao clima, ²pois nas rexións frías necesítase mais que nas temperadas. ³E é o abade quen o debe ter presente.

⁴Nós cremos que nos lugares temperados bástanlles aos monxes unha cogula e

unha túnica para cada ún —⁵ a cogula felpuda no inverno e lisa e gastada no vran—,
⁶ un escapulario para o traballo, escarpíns e zapatos para os pés.

⁷Non se queixen os monxes da tosquedade ou a cor de todas estas cousas, antes conténtense co que poidan atopar na rexión onde habitan ou mercar mais barato.

⁸Respecto ao tamaño ocupárase o abade de que os vestidos non sexan curtos, senón proporcionados aos que os han de usar.

⁹Ao recibiren algunha cousa nova, devolvan sempre ao momento o vello, que se gardará na roupería para os pobres. ¹⁰Bástenlle a cada monxe dúas túnicas e dúas cogulas, para se poder cambiar pola noite e poder lavalas. ¹¹Mais do dito sería superfluo e débese cortar. ¹²Fágase outro tanto co calzado e con todo o xa usado: entregárase ao recibir o novo.

¹³Os que van de viaxe reciban do vesturario femorais e, ao voltaren, devólvanos lavados. ¹⁴E haxa tamén cogulas e túnicas un pouco mellores do acostumado. Os que van de viaxe cóllanas da roupería e devólvanas ó regreso.

¹⁵Para as camas baste un xergón, unha manta, un cobertor e unha almofada.

¹⁶Debe o abade examinar frecuentemente as camas, por se nelas se encontra algún obxecto que o monxe se tiña apropiado. ¹⁷E, se a alguén se lle atopa algo que non recibiu do abade, sexa sometido a severo castigo. ¹⁸E, co fin de cortar de raíz este vicio da propiedade, dea o abade todo canto faga falta, ¹⁹a saber: cogula, túnica, escarpíns, calzado, cinto, coitelo, agulla, pano e tabuiñas, eliminando deste xeito calquera pretexto de necesidade.

²⁰Non obstante, teña sempre moi presente o abade aquela sentenza dos Feitos dos Apóstolos: “Dábase a cada ún conforme á súa necesidade” (Act 4,35). ²¹Polo tanto, atenda o abade ás necesidades dos que realmente precisan coidados, e non a mala vontade dos envexosos. ²²E en tódalas súas disposicións pense na divina retribución.

LVI. A MESA DO ABADE

¹Os hóspedes e forasteiros comerán sempre na mesa do abade. ²Pero, cando os hóspedes sexan poucos, pode chamar aos irmáns que goste. ³Debe, porén, deixar sempre cos irmáns ún ou dous ancianos que manteñan a disciplina.

LVII. OS ARTÍFICES DO MOSTEIRO

¹Se hai artífices no mosteiro, traballarán no seu oficio con toda humildade, se o abade o permite. ²E, se algún deles se ensoberbece da súa habilidade, convencido de que é de proveito ao mosteiro, ³príveselle do exercicio do seu traballo o non volva a realizalo, de non ser que o abade llo tome a mandar, despois de se ter humillado.

⁴Se houbese que vender algunha obra destes artífices, teñan moito coidado aqueles por cuías mans han de pasar, non vaian cometer algún fraude. ⁵Acórdense sempre de Ananías e Safira, non vaia ser que a morte que eles padeceron no corpo, ⁶a padezan na alma estes e todos cantos cometen algún fraude nas cousas do mosteiro.

⁷Nos mesmos precios que non entre o mal da cobiza, ⁸antes ben véndase mais barato do que os seculares, ⁹“para que en todo sexa Deus glorificado” (1 Pe 4,11).

LVIII. CÓMO RECEBIR AOS IRMÁNS

¹Cando alguén chega pola primeira vez para abrazar a vida monástica, non se lle facilite a entrada. ²Mas, como di o Apóstolo: “Sometede á proba aos espíritos por ver se son de Deus” (cf. Cesáreo, Rg.mon. 1).

³Por conseguinte, se o que chega persevera chamando, e despois de catro ou cinco días se ve que soporta con paciencia as inxurias que se lle fan e as dificultades postas á súa admisión, e persevera na súa demanda, ⁴déixeno entrar e pase á hospedería por algúns días.

⁵Pasará despois ás celdas dos novicios onde meditarán, comerán e dormirán. ⁶Encargarase deles un anciano apto para gañar as almas, que os velará coa máxi-

ma atención.

⁷Examinará coidadosamente se busca a Deus verdadeiramente, se é solícito polo oficio divino, pola obediencia e polos oprobios. ⁸Móstrenlle de antemán tódalas cousas duras e ásperas que levan a Deus. ⁹Se promete a súa perseverancia na estabilidade, despois de dous meses léaselle esta regra afeito ¹⁰e díganüe: “Eiquí tes a lei baixo a que queres militar; se podes observala, entra; se non podes, vaite libremente” (cf. Macario, Reg. 23). ¹¹Se aínda se mantén firme, léveno ao noviciado e sígano probando en toda paciencia.

¹²Ao cabo de seis meses léanlle outra vez a regra, para que saiba a qué ven. ¹³Se aínda sigue firme, des- pois de catro meses vólvaselle ler a mesma regra. ¹⁴E, se despois de o ter deliberado consigo mesmo, promete cumplilo todo e observar canto se lle mande, sexa entón admitido no seo da comunidade; ¹⁵pero saiba que, por lei da mesma regra, desde ese día xa non lle é lícito saír do mosteiro, ¹⁶sacudir o xugo dunha regra que, despois de tan longa deliberación, poido refugar ou aceptar. ¹⁷O que vai ser recibido, prometa no oratorio diante de todos estabilidade, conversión de costumes e obediencia, ¹⁸na presenza de Deus e dos seus santos, para que, se algunha vez obrare doutra maneira, saiba que será condenado por aquel de quen se burla. ¹⁹Desta promesa fará un documento no nome dos santos cuas reliquias están alí, e do abade presente. ²⁰Este documento escribalo coa súa propia man e, se non sabe escribir, pídalle a outro que llo faga, trazando o novicio un sinal, e colóqueo coas súas propias mans enriba do altar. ²¹Feito isto, o mesmo novicio entoará logo este verso: “Recíbeme, Señor, segundo a tua palabra, e vivirei; e non me confundas na miña esperanza” (Sal 118,116). ²²Toda a comunidade repetirá tres veces este verso, engadindo Gloria Patri. ²³Póstrese entón o irmán novicio aos pés de cada ún, para que recen por el; e xa desde ese día pasará a ser contado coma membro da comunidade.

²⁴Se posúe algúns bens, ou os reparte de antemán entre os pobres ou, facendo unha donación como é debido, os cede ao mosteiro, sin se reservar nada para sí mesmo, ²⁵sabendo que desde aquel día xa non terá potestade nin sobre o seu propio

corpo.

²⁶Deseguida sexa despoxado no oratorio das propias roupas con que anda vestido e póñanlle as do mosteiro. ²⁷Os vestidos, porén, que se lle quitaron, gárdense na roupería, ²⁸por se algún día, tentado polo nemigo (non o permita Deus), se vai do mosteiro. Entón, despoxado das roupas do mosteiro, sexa despedido. ²⁹Pero non lle entreguen o documento que o abade tomou do altar, senón consérvese no mosteiro.

LIX. OBLACIÓN DOS FILLOS DE NOBRES OU DE POBRES

¹Cando algún nobre ofrezca o seu fillo a Deus no mosteiro, se é aínda moi neno, fagan os seus pais o documento de que falamos mais enriba, ¹²e, xunto coa oblación eucarística, envolvan co mantel do altar esa cédula e a man do neno, e así o ofrezan.

³En canto aos seus bens, prometan baixo xuramento na cédula escrita que nin por sí mesmos, nin por procurador, nin de ningunha outra maneira lle darán xamais ningunha cousa, nin lle facilitarán a ocasión de posuir algún día algo. ⁴Ou, se non lles parece ben esto e queren ofrecer algo ao mosteiro como esmola en compensación, ⁵fagan donación dos bens que queren deixar ao mosteiro, reservándose, se o desexan o usufruto. ⁶Porque desta maneira péchanlle tódolos camiños, e ao neno non lle queda xa ningunha esperanza de posuir algo que o poida seducir e perder, non o queira Deus, como sabemos por experiencia.

⁷Os que sexan de condición mais pobre fagan de modo semellante. ⁸Mas os que nada teñan en absoluto, fagan simplemente a petición e, xunto coa oblación, ofrezan o fillo na presenza de testigos.

LX. OS SACERDOTES QUE DESEXAN INGRESAR NO MOSTEIRO

¹ Se alguén do orde sacerdotal pide ser recibido no mosteiro, non se lle conceda de seguida o que desexa. ²Pero, se persiste con todo empeño na súa petición, saiba

que fica obrigado a observar tódá a disciplina da regra ³e que non o dispensarán de nada, pois está escrito: “Amigo, ¿a qué viñeches?” (Mt 26,50). ⁴Non obstante, concédaselle colocarse despois do abade, abenzoar e celebrar a misa, mas sempre se o abade o autoriza. ⁵Aliás, non se entrometa en nada, sabendo que está suxeito á disciplina da regra, e a todos dea exemplo de maior humildade. ⁶Cando se trate de ocupar algún cargo no mosteiro ou de resolver calquera outro asunto, ⁷teña en conta que lle corresponde o lugar de entrada no mosteiro e non o que se lle concedeu por respecto ao sacerdocio.

⁸Se algún clérigo, levado polo mesmo desexo, se quer asociar ao mosteiro, colóqueno nun lugar mediano, ⁹coa condición, porén, de que estea disposto a observar a regra e a propia estabilidade.

LXI. CÓMO ACOLLER AOS MONXES PEREGRINOS

¹Se algún monxe peregrino chega de provincias lonxanas e quer morar como hóspede no mosteiro ²e está contento cos costumes do lugar, e non perturba ao mosteiro coas suas esixencias, ³senón que con sinxeleza se amolda ao que atopa, sexa recibido polo tempo que queira. ⁴E se con modos razonables e con humilde caridade fai algunha advertencia, ou indicación, pórtese o abade con prudencia, pois acaso o Señor o mandou xustamente para eso.

⁵Se mais adiante desexa incorporarse definitivamente ao mosteiro, non se lle recuse tal desexo, tanto mais que, durante o tempo que estivo coma hóspede, se puido coñecer a sua vida. ⁶Pero, se durante a sua estancia se viu que era esixente ou vicioso, ⁷non só no debe ser agregado ao corpo do mosteiro, senón que se lle ha decir cortesmente que se vaia, para que a sua miseria non contamine aos outros. ⁸Mas se, polo contrario, non merece ser despedido, non só o deben recibir a facer parte da comunidade, caso que el o pida, ⁹senón que deben convencelo para que se quede, co fin de que edifique aos outros co seu exemplo ¹⁰e porque en todo lugar se sirve ao mesmo Señor e se milita para un mesmo rei. ¹¹O abade poderá incluso

colocalo, se lle parece, nun lugar un pouco mais elevado, caso que ao seu xuicio o mereza. ¹²E non só a calquera monxe, senón a todo sacerdote ou clérigo, dos que enriba falamos, poderá o abade ascendelos a un degrau superior ao que lles corresponde pola súa entrada, se cré que a súa vida o merece.

¹³Mas o abade nunca recibirá un monxe doutro mosteiro para vivir alí sin o consentimento do seu propio abade ou sin unha carta de recomendación, ¹⁴pois está escrito: “Non fagas a outro o que non queres que che fagan a ti” (Mt 7,12; Tob 4,16).

LXII. OS SACERDOTES DO MOSTEIRO

¹Se algún abade desexa que lle ordenen un sacerdote ou un diácono, elixa de entre os seus monxes ún que sexa digno de exercer o sacerdocio.

²Mas o que reciba ese sacramento fuxa da altiveza e da soberbia, ³e non se atreva a facer nada, de non ser o que lle mande o abade, sabendo que aínda lle obriga mais a observancia da regra. ⁴Non olvide a obediencia á regra co pretexto do seu sacerdocio, antes ben o estimule a progresar sempre mais nos camiños de Deus. ⁵Ocupará sempre o lugar que lle corresponde pola súa entrada no mosteiro, ⁶de non ser cando exerce o ministerio do altar, ou se acaso a elección da comunidade e a vontade do abade o elevan en atención ao mérito da súa vida. ⁷Recorde, con todo, que ten de observar o que está establecido para os decanos e prepósitos pola regra.

⁸Se ousara facer o contrario, xúzgueselle non coma sacerdote, senón coma rebelde. ⁹E se non se enmenda, despois de amoestalo arreo, tómese ao mesmo bispo por testigo. ¹⁰E se nin deste xeito se enmenda, sendo patentes as culpas, expúlseno do mosteiro; ¹¹só, porén, se tal fose a súa contumacia que nin á regra quer obedecer.

LXIII. A PRECEDENCIA NO ORDE DA COMUNIDADE

¹No mosteiro garde cada ún o lugar conforme ao que mandare o abade. ²O abade, porén, non debe perturbar o rebaño que lle foi confiado, nin dispor nada inxusto, usando dun poder arbitrario; ³mas lémbrese que de tódalas suas determinacións e accións terá de dar contas a Deus. ⁴Polo tanto, conforme ao orden determinado ou o que entre sí tiveren os irmáns, achéguese a recibir a paz, a comunión, a entoar salmos e estar no coro. ⁵E en tódolos lugares nunca a idade servirá para favorecer ou perxudicar a ninguén, ⁶por canto Samuel e Daniel, con seren nenos, xulgaron aos ancianos. ⁷Por conseguinte, exceptuando, como xa dixemos, os que o abade, por razóns superiores, tivese elevado ou por motivos fundados degradado, tódolos demais colóquense conforme van chegando á vida monástica; ⁸de forma que, por exemplo, o que chegou ao mosteiro á segunda hora do día, téñase por mais novo co que entrou á primeira hora, calquera que sexa a sua idade ou dignidade. ⁹Respecto aos nenos, todos os deben manter en todo na disciplina.

¹⁰Polo tanto, os mais novos honren aos mais vellos e amen estes aos mais novos. ¹¹No trato mutuo, a ninguén se lle permitirá chamar a outro simplemente polo seu nome; ¹²senón que os maiores chamarán irmáns aos mais novos, e estes darán aos maiores o título de nonos, que expresa a reverencia paterna. ¹³Ao abade dáselle o título de señor e abade, pois crése que fai as veces de Cristo, non pola sua propia atribución, senón polo amor e honra debidos a Cristo. ¹⁴Pénseo el para sí e pórtese de maneira que sexa digno deste honor.

¹⁵Sempre que se encontren os irmáns, pida o mais novo a bendición ao mais vello. ¹⁶Cando se acerque ún dos maiores, levántese o inferior e cédalle o sitio para que se sente, e non se tomará a libertade de se sentar até que llo indique o maior; ¹⁷así darase cumprimento ao que está escrito: “Anticipádevos úns aos outros nos sinais de honor” (Rom 12,10).

¹⁸Os nenos pequenos e os adolescentes ocupen os seus respectivos postos co debido orde no oratorio e no comedor. ¹⁹E fóra destes lugares estean sempre baixo a vixilancia e disciplina até que cheguen á idade da reflexión.

LXIV. A INSTITUCIÓN DO ABADE

¹Na ordeación do abade terase sempre esta norma: Que sexa instituído aquel a quen toda a comunidade elixa de común acordo, inspirada polo temor de Deus, ou ben só unha parte da comunidade, anque pequena, pero cun criterio mais san. ²A elección do que vai ser investido farase tendo en conta os méritos da súa vida e o seu saber e doutrina, aínda que sexa o último da comunidade.

³Mas, aínda sendo toda a comunidade unánime a que elixe a unha persoa cómplice dos seus desordes, non o permita Deus, ⁴cando eses desordes cheguen dalgunha maneira a coñecimento do bispo a cuia diocese pertencece aquel lugar ou dos abades e cristiáns veciños, ⁵non deixen prevalecer a conspiración dos malvados, antes poñan ao fronte da casa de Deus un administrador digno, ⁶na certeza de que, por este feito, recibirán boa recompensa, se o fan castamente e con celo de Deus; como tamén no caso contrario, pecarán se o descoidan.

⁷O abade, unha vez instituído, pense sempre na carga que tomou sobre sí e a quen rendirá contas da súa administración, ⁸e saiba que lle interesa mais aproveitar que presidir. ⁹Convenlle, polo tanto, ser docto na lei divina, para que saiba de onde tirar cousas novas e velias, casto, sobrio, misericordioso, ¹⁰preferindo sempre a misericordia á xusticia, para que el consiga o mesmo. ¹¹Aborrezca os vicios e ame aos irmáns. ¹²Na mesma corrección sexa prudente e non vaia demasiado lonxe, non suceda que rompa o vaso por querer raspar demais a ferruxe. ¹³Non perda nunca de vista a súa propia fragilidade e lémbrese que non se debe quebrar de todo a cana xa fendida. ¹⁴Con isto non se quer dicir que deixe crecer os vicios, senón que os extirpe con prudencia e amor, según o que mais conveña para cada ún, como xa dixemos. ¹⁵E procure ser mais amado que temido.

¹⁶Non sexa turbulento nin inqueda; non sexa esaxerado nen obstinado; non sexa ciumento nin moi desconfiado, aliás nunca terá sosego. ¹⁷Nas súas ordes, sexa

providente e circunspecto, e, tanto se se trata das cousas de Deus como dos asuntos seculares, tome as suas decisións con discernimento e moderación, ¹⁸acordándose da discreción do santo Xacob, cando decía: “Se fatigo os meus rebaños sacándoos do seu paso, morrerán todos nun día” (Gén 33,13). ¹⁹Aproveitándose, pois, destes e doutros exemplos de discreción, que é a nai das virtudes, regule as cousas de tal xeito que os fortes desexen aínda mais e os febles non se desalenten.

²⁰E principalmente observe en todo esta regra, ²¹para que, despois dunha boa administración, poida escoitar do Señor o que o bo servo que distribuiu o trigo entre os seus conservos no seu debido tempo: ²² “Estade seguros de que lle confiará a administración de tódolos seus bens” (Mt 24,47).

LXV. O PRIOR DO MOSTEIRO

¹Acontece moitas veces que pola institución do prior se orixinan graves escándalos nos mosteiros, ²por haber algúns que, inchados do maligno espírito de soberbia, e, créndose segundos abades, usurpan o mando, fomentan contendas e crean a disensión nas comunidades, ³mais que nada naqueles lugares nos que o prior foi ordenado polo mesmo bispo ou polos mesmos abades que ordearon ao abade. ⁴Canto esto sexa absurdo é ben doado de comprender, pois desde o mesmo comenzo da sua institución dásele materia de soberbia, ⁵por canto pode chegar a pensar no íntimo do seu corazón que está exento da autoridade do abade ⁶“unha vez (dirase) que tamén ti fuches instituído polos mesmos que instituíron ao abade”. ⁷Deiquí nacen envexas, rifas, detracións, rivalidades, disensións, desordes. ⁸E desta maneira, mentras abade e prior pensan de distinto modo, necesariamente, debido a esta disensión, perigan as suas propias almas, ⁹como tamén os que están baixo o seu mandado, adulando cada quen á sua parte, corren á perdición. ¹⁰A responsabilidade deste grave perigo recae en primeiro lugar sobre aqueles que se fixeron autores dun tal desorde.

¹¹Polo tanto, nos crémolos que convén, para a conservación da paz e da caridade,

que o goberno do seu mosteiro dependa do criterio do abade. ¹²E, podendo ser, organice tódolos servicios do mosteiro por decanos, como acima dixemos, ¹³porque, sendo varios os encarregados, ninguén se ten por qué ensoberbecer. ¹⁴Mas, se o lugar o esixe, e a comunidade así o pide razoablemente e con humildade, e o abade o cré conveniente, ¹⁵o mesmo abade instituirá ao seu prior co consello dos irmáns temerosos de Deus.

¹⁶Este prior, con todo, fará respetuosamente o que o abade lle mande, e nunca realizará nada contra a vontade ou o mandado do abade, ¹⁷pois canto mais encumbrado está sobre os outros, tanto maior interés debe ter en observar os preceptos da regra.

¹⁸Se o prior resulta desregrado ou seducido polo orgullo e inchado de soberbia, ou claro menospreciador da santa regra, sexa amoestado de palabra até catro veces. ¹⁹Se non se enmenda, aplíquenselle as correccións da disciplina regular. ²⁰E, se nin así se corrixe, será destituído do seu carrego de prior e no seu lugar póñase a outro que sexa digno. ²¹Pero, se despois non se mantén tranquilo na obediencia dentro da comunidade, sexa mesmo expulsado do mosteiro. ²²Pense, porén, o abade nas contas que rendirá á Deus de tódalas suas disposicións, non vaia ser que a envexa ou os ciumes queimen a sua alma.

LXVI. OS PORTEIROS DO MOSTEIRO

'Póñase á porta do mosteiro un anciano prudente, que saiba recibir e levar recados, e cuia madurez non lle permita vaguear. ²Este porteiro debe ter a sua cela xunto á porta, para que os que veñan atopen sempre presente ao que lles ha responder. ³Aínda ben non chame alguén ou se sinta a voz dun pobre, responda Deo gratias ou Benedic. ⁴E, con toda mansedume, propia do temor de Deus, devolva a resposta prontamente e con fervente caridade. ⁵Se necesita que alguén o axude, asígnenlle un irmán mais novo.

⁶Se é posible, debe ser construído o mosteiro de forma que teña dentro todo o

necesario, esto é, agua, muíño, horta e os diversos oficios, ⁷para que os monxes non teñan necesidade de andar por fóra, pois esto en nada aproveita ás suas almas.

⁸E queremos que esta regra se lea moitas veces en comunidade, para que os irmáns non poidan alegar ignorancia.

LXVII. OS MONXES QUE VAN DE VIAXE

¹Os monxes que van de viaxe encoméndense ás oracións de tódolos irmáns e do abade, ²e na última oración da obra de Deus fágase sempre memoria de tódolos ausentes. ³Ao regresaren do viaxe os irmáns, o mesmo día que chegan, póstrense no chan do oratorio, ao terminar o oficio divino en tódalas horas, ⁴e pidan á comunidade unha oración polas faltas que acáso cometeron durante o viaxe, vendo algunha cousa inconveniente ou ouvindo conversas vas. ⁵Ninguén seastreva a contar a outro canto viu ou ouviu fóra do mosteiro, por ser motivo de gran ruína. ⁶E, se alguén o fixese, será sometido ao castigo regular. ⁷E fágase outro tanto co que tiver a ousadía de saír da clausura sen o permiso do abade.

LXVIII. SE A UN IRMÁN LLE MANDAN COUSAS IMPOSIBLES

¹Cando a un irmán lle mandan facer algo moi penoso ou imposible, acolla a orde de quen manda con toda mansedume e obediencia. ²Mas, se ve que o peso que lle puxeron enriba excede totalmente a medida das suas forzas, expoña ao superior as causas da sua imposibilidade, con paciencia e oportunamente, ³non ensoberbecéndose ou resistindo ou contradecendo. ⁴Pero, se despois de exposto, o superior sigue na sua opinión e mantén o mandado, saiba o súbdito que lle convén así, e obedeza por caridade, confiando na axuda de Deus.

LXIX. NINGUÉN NO MOSTEIRO SE ASTREVA A DEFENDER A OUTRO

¹Débese evitar que por ningún motivo se astreva un monxe a defender a outro no mosteiro ou coma a protexelo, ²aínda que os una algún lazo de parentesco. ³De ningunha maneira fagan esto os monxes, pois de aquí poden nacer gravísimos escándalos. ⁴Se alguén pasa por alto esta regra, sexa castigado con todo rigor.

LXX. NINGUÉN TEÑA A OUSADÍA DE LLE PEGAR A OUTRO

¹ Evítese no mosteiro toda ocasión de presunción, ²e mandamos que a ninguén lle sexa lícito excomungar ou pegar á algún irmán, de non ser o que teña permiso do abade para o facer. ³“Os que falten en algo serán reprendidos diante de todos, para que os demais teman” (1 Tim 5,20). ⁴Respecto aos nenos, até os quince anos estean baixo a vixilancia e coidado de todos, pero tamén esto con toda medida e discreción.

⁵O que dalgunha maneira e sen orde do abade se permita calquera libertade contra os de mais idade ou castigue aos nenos sin discreción, sexa sometido á disciplina regular, ⁶pois está escrito: “Non fagas a outro o que non queres que fagan contigo” (Mt. 7,12; Tob 4,16).

LXXI. A OBEDIENCIA MUTUA

¹O ben da obediencia non só debe prestarse ao abade por parte de todos, senón que tamén os irmáns deben obedecerse uns aos outros, ²podendo estar certos de que por este camiño da obediencia chegarán a Deus. ³Polo tanto, obedecidas por enriba de todo as ordes do abade ou dos prepósitos por el constituídos, ás que non permitimos que sexan antepostas as de ningún particular, ⁴canto ao demais, tódolos inferiores obedezan aos seus superiores con toda caridade e solicitude. ⁵De presentarse alguén con espírito de discordia, sexa reprendido. ⁶Se algún irmán por calquera causa, anque mínima, é reprendido polo abade ou algún maior da maneira que sexa, ⁷ou se se da conta de que o ánimo dalgún dos superiores está irritado contra el, aínda que sexa moi levemente, ⁸ao momento, sin tardanza ningunha, póstrese en

terra aos seus pés, e siga así satisfacendo, até recibir a bendición e se cure ese mal humor. ⁹E, se alguén se nega a facelo, será sometido ao castigo corporal, ou expulsado do mosteiro, se se mostra teimoso.

LXXII. O CELO BO QUE DEBEN TER OS MONXES

¹Da mesma maneira que hai un celo amargo que separa de Deus e conduce ao inferno, ²así hai tamén un celo bo que afasta dos vicios e conduce a Deus e á vida etema. ³Este é o celo que os monxes deben practicar con ferventísimo amor, ⁴é dicir: “Prevéñanse úns aos outros con mutua honra” (Rom 12,10). ⁵Tolérense mutuamente con suma paciencia as suas fraquezas físicas e morais. ⁶Obedézanse á porfía uns aos outros. ⁷Ninguén busque o que xulga útil para sí, senón mais ben para os outros. ⁸*Practiquen a caridade fraterna castamente. ⁹Temen a Deus con amor. ¹⁰Amen ao seu abade con amor sincero e sumiso. ¹¹Nada en absoluto antepoñan a Cristo; e que el nos leve a todos á vida eterna.

LXXIII. NESTA REGRA NON SE CONTEN TODA A PRÁCTICA DA XUSTICIA

¹Esbozamos esta regra para que, observándoa nos mosteiros, demos proba, polo menos, dalgunha honestidade de costumes ou dun comenzo de vida monástica. ²Mas o que teña moita presa por chegar á perfección, ten á sua disposición as ensinanzas dos Santos Pais, que, se se practican, levan ao home ao cume da perfección. ³En efecto, ¿qué páxina ou palabra inspirada por Deus no Antigo ou no Novo Testamento non é norma rectísima para a vida do home? ⁴¿Ou qué libro dos santos católicos Pais non nos está repetindo esto mesmo con ánimo de levarnos por un camiño recto até o noso Creador? ⁵Aquí están as Colacións dos Pais, as suas Institucións e Vidas e tamén a Regra do noso pai San Basilio. ⁶¿Qué outra cousa son senón medios para alcanzar a virtude dos monxes obedientes e de vida santa? ⁷ Mas para nós, remisos e preguiceiros e negligentes, deben ser motivo de nos poñer

corados de confusión.

⁸Ti, pois, quenqueira que sexas, que te das presa por chegar á patria celeste. cumpre, coa axuda de Cristo, esta mínima regra de iniciación, ⁹e así chegarás finalmente, coa protección divina, aos cumes mais altos de doutrina e virtudes que acabamos de lembrar. Amén.